



25



aniversario

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS



25 aniversario

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

Dirección e coordinación:
Marisa Peña Cebreiro

Edita
Consello Galego
de Relacións Laborais

Imprime:
Difux, S.L.

Depósito Legal
C 2329-2013

Páxina web
<http://cgrl.xunta.es>

e-mail
info.cgrl@xunta.es



índice

■	Sáuda do Presidente	5
---	---------------------	---

■	Intervencións	9
---	---------------	---

Beatriz Mato Otero	9
María Emilia Casas Baamonde	10
Teresa Conde-Pumpido Tourón	12
José Antonio Gómez Gómez	13
Xosé Manuel Sánchez Aguión	15
Xesús Eladio Seixo Fernández	16
José Manuel Fernández Albariño	17
Fausto Santamarina Fernández	18
Luis Caramés Viéitez	19
Benigno Sánchez García	20
Teresa Pedrosa Silva	21
Odilo Martiñá Rodríguez	22
Juan Francisco Fontela Fernández	23
Javier Gárate Castro	24
Jaime Cabeza Pereiro	25
Jesús Martínez Girón	27
Antonio Jesús Outeiriño Fuente	28
Emilio Fernández de Mata	30
Pedro Rabanal Carbajo	31
Carlos Domenech de Aspe	32
José M ^a Casas de Ron	33
Juan J. Ares Fernández	34
Moisés Alberto García Núñez	35
Mercedes Montes Rodríguez	36
Xesús Vázquez Forno	37
Manuel Núñez Carreira	39
Susana Soneira Lema	40
M ^a Teresa Rodríguez García	41
Germán Prieto-Puga Somoza	42
Miguel Martínez Losada	43
Fernando R. Acuña Rúa	45
Xan M ^a Castro Paz	47
Xesús Díaz Díaz	48
Antonio Fontenla Ramil	49
Manuel Mera Sánchez	50
Xesús Mosquera Sueiro	51
Javier García Ruíz	53
Araceli de Lucas Sanz	54
M ^a Jesús Díaz Lourenzana	56
Xavier Estévez Montoto	58
Sonia Fernández Patiño	59
Cesáreo Fraga García	60
Ramiro Otero Rodríguez	62
Anxo Noceda Carballo	63
José Félix Valderrey de la Huerga	64
Mónica Valiño Suárez	66
José Vázquez Portomeñe	67
Marisa Peña Cebreiro	68

■	25 anos en imaxes	73
---	-------------------	----



Demetrio Fernández López

Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais

A presente publicación elabórase co gallo da efeméride dos 25 anos da creación do Consello Galego de Relacións Laborais. Non foi doada a súa elaboración, como non é doado nada do que se fai no Consello. Tratábase de recoller reflexións de actores e actrices protagonistas do eido laboral galego e do seu parecer acerca do organismo, do seu papel e dos retos de futuro. Mais a dificultade non veu por conseguir a colaboración deses persoeiros, senón polo contrario, por reducir o número de reflexións a un número razoable e alcanzable sen ferir sensibilidades. Poderían ser moitas veces mais por canto a órbita de xentes que no transcurso dos anos pasou polo contorno do consello e se valeu dos seus servizos é amplísima, de seu é un órgano comunmente ben valorado, e de seu nunca espertou receos senón que xerou moitas complicidades.

Finalmente o número reduciuse a 50 colaboracións, e así, os secretarios e ex-secretarios xerais das tres organizacións sindicais mais representativas de Galicia, o presidente e ex-presidente da CEG, representantes da xudicatura na orde social, da Consellería de Traballo, da Inspección de traballo, das catro escolas de Relacións Laborais existentes en Galicia, dos tres colexios de graduados sociais, os catedráticos dos departamentos de Dereito do Traballo das tres universidades Galegas, as persoas que pasaron pola presidencia do consello ao longo destes 25 anos, negociadores de convenios colectivos e usuarios do AGA ou mesmo ex-alumnos do Curso Superior de Relacións Laborais aportan a súa reflexión acerca do Consello Galego de Relacións Laborais na presente publicación.

Neses colaboradores hai mulleres e homes, empresarios e traballadores, de dereitas e de esquerdas, nacionalistas e centralistas, solteiros e casados, monárquicos e republicanos, mesmo do Celta e do Deportivo, (algún incluso do Lugo), pero coinciden polo menos en dous elementos: Poñen voz e representan aos principais estamentos que interveñen no día a día das relacións laborais galegas e todos eles valoran e aprecian a utilidade e o papel que está a xogar o Consello Galego de Relacións Laborais na modernización e mellora do eido laboral galego. Eu invito a una atenta lectura de todas e cada una das colaboracións, quen as escribe e o que din, e invito a una reflexión do seu conxunto e do que representan. Non se trata por parte de quen compoñemos o Consello de caer nunha inútil autocompracencia, senón de estimular os retos e as ganas de facer en común, de reafirmarnos en que se vai na boa dirección, en que mais aló de crises, de conxunturalidades ou de problemas puntuais, as relacións laborais do futuro se teñen que construír mais que nunca sobre a base do diálogo, do entendemento, da negociación e do acordo sensato e sereno. Trátase de poñer en valor algo do que nos dotamos en Galicia hai 25 anos, que pretende aportar un gran de área na senda da concertación, xustiza e paz sociais, en definitiva que tenta de facer mais e mellor Galicia.

O Consello Galego de Relacións Laborais, grazas á implicación sen matices de sindicatos e empresas e grazas ó traballo excepcional dun cadro de persoal brillante e identificado con esta casa, leva feitas moitas cousas nestes primeiros 25 anos, pero son moitas mais as que lle quedan por facer. O mundo do traballo está en continua evolución e cambio e o Consello ten que avanzar acorde con eses cambios, mais ese avance nun organismo de consenso e participación de sindicatos e empresarios, nun organismo que se concibe como casa común dos axentes sociais e que depende da implicación deles para o seu funcionamento, deberá de ser sempre de común acordo e nos termos que sexan quen de acordar os sindicatos mais representativos de Galicia e a Confederación de Empresarios de Galicia.

Agrádame en moito presentarlles esta publicación e desexo de corazón que sexa do seu interese, que lles propicie una reflexión e que lles aproxime mais a un órgano con vocación de servizo e de utilidade pública, un órgano específico en materia laboral, un órgano que leva tan só 25 anos traballando en prol das relacións laborais. Oxalá que cumpra 25 anos máis!



intervencions



Beatriz Mato Otero

Conseleira de Traballo e Benestar

Cúmprense 25 anos do nacemento do Consello Galego de Relacións Laborais, que xurdiu nos primeiros anos da Autonomía como un espazo de diálogo e un instrumento de concertación para ofrecer a resposta máis axeitada aos problemas que puideran producirse no eido laboral.

Hoxe, un cuarto de século despois, o Consello amósase con máis vixencia que nunca, nun momento no que as relacións laborais están a vivir unha necesaria e inevitable actualización.

Calquera transformación nunha materia tan sensible e relevante, e máis cando se produce nunha etapa de dificultades económicas, ten que chegar a través do consenso entre os distintos axentes sociais, nomeadamente as organizacións empresariais e sindicais. Só a través do diálogo social e os acordos colectivos seremos quen de crear unha estrutura sólida, duradeira e beneficiosa para todas as partes.

Os axentes sociais da nosa Comunidade teñen no Consello un excelente foro e un punto de encontro para solucionar de xeito negociado calquera conflito de intereses que poida xurdir no eido laboral, co compromiso permanente de salvagardar os dereitos dos traballadores e tamén dos empresarios, e, polo tanto, do conxunto da cidadanía galega.

Así pois, se o diálogo debe ser a fonte da que broten todas as políticas de emprego e a regulación das relacións laborais, faise evidente que contar cun órgano consultivo e asesor tan consolidado como o Consello Galego de Relacións Laborais, que leva promovendo e favorecendo a concertación e o consenso dende 1988, constitúe un factor moi positivo para a nosa Comunidade Autónoma.

A efeméride que este ano estamos a celebrar ofrécenos unha magnífica oportunidade para agradecer o labor de todas as persoas que teñen traballado no desenvolvemento e consolidación deste Consello nos últimos 25 anos, as que están a traballar con ese obxectivo no presente, e as que o farán no próximo cuarto de século.

María Emilia Casas Baamonde

*Presidenta Emérita do Tribunal Constitucional
e Catedrática de Dereito Traballo e da Seguridade Social
na Universidade Complutense de Madrid*

É unha honra, ademais dun motivo de xúbilo, unir-me á celebración do vixésimo quinto aniversario do Consello Galego de Relacións Laborais. Ante todo, a miña felicitación máis calorosa ao Consello pola súa eficaz tarefa e os seus indiscutibles logros no desenvolvemento e modernización das relacións laborais en Galicia nos vinte e cinco anos transcorridos desde a súa creación.

A celebración deste aniversario ten un aspecto ineludible de facer contas co pasado, de analizar o camiño percorrido até aquí, difícil sen dúbida nos seus inicios e en determinados momentos, pero sempre rico en experiencias, e máis en resultados.

O Consello é hoxe unha institución cardinal nas relacións laborais en Galicia, que goza dun recoñecemento extraordinario, non só en Galicia.

A súa indiscutible lexitimidade, gañada a través do exercicio eficaz das súas competencias, converteulle nunha institución destacada da Administración galega, centro neuráxico das relacións laborais e sede privilexiada e permanente do diálogo social. Ao perfecto desempeño dos seus labores como órgano consultivo e asesor da Xunta de Galicia no ámbito da política laboral, uniu o Consello unha actividade incansable de estímulo do debate socio-económico e laboral, de fomento, apoio e seguimento da negociación colectiva, e de procura da composición negociada e acordada dos conflitos laborais a través da conciliación e a mediación e da arbitraje. Todo iso integrando aos diferentes protagonistas das relacións laborais de Galicia.

O compromiso social do Consello oríéntase, así mesmo de forma sobresaliente, cara ao gran valor da formación especializada en relacións laborais, que, con innegable acerto, considera elemento esencial do seu natural e mellor desenvolvemento e do acceso ao ben, desafortunadamente tan escaso e tan demandado nesta destrutiva crise por xente moza e persoas desempregadas, do traballo, do emprego, da empregabilidade e do emprendemento, por tanto, e da permanencia e promoción no traballo, no emprego, na actividade, de quen teñen a fortuna de posuílo e de exercela. A especial importancia que o Consello concede á formación simbolízase á perfección no curso superior que anualmente, e desde hai xa vinte e tres anos, vén impartindo en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, que adquiriu gran prestixio e que seguramente non atopa parangón nas actividades formativas que realizan outras institucións do seu xénero.

O Consello e a súa actual realidade non serían posibles sen o compromiso firme dos seus integrantes, representantes das organizacións sindicais e empresarial mais representativas de Galicia (UGT-Galicia, SN de CC.OO. de Galicia, CIG e CEG), cuxa resolta vontade en facer efectiva e eficaz a institución acompañouse dunha entrega e empeño permanentes no cumprimento das súas funcións. Os interlocutores sociais galegos souberon dotarse dun valioso instrumento adaptado ás súas necesidades, ao seu contexto, ás súas singularidades, e dotalo das regras adecuadas para o seu funcionamento áxil e proveitoso para a negociación e o acordo. Con iso fixeron posible que o gran labor realizado non redunde unicamente en beneficio do Consello, do seu indiscutible prestixio institucional, senón no das relacións laborais en Galicia, e, ao cabo, no de Galicia, comunidade pioneira en adoptar un instrumento eficaz para a solución negociada dos conflitos laborais gobernada polos

seus propios protagonistas, o AGA, en cuxa xestión o Consello demostrou a súa vastísima capacidade de acordo.

Tivo a sorte o Consello -que non sempre se dá na vida das institucións- de contar con excelentes presidentes: Luís Caramés Viéitez, Benigno Sánchez García, Teresa Pedrosa Silva e, o seu actual presidente Demetrio Fernández López. A súa lealdade institucional, a súa infatigable dedicación, a súa presenza sempre estimulante e activa, levaron á institución ao momento de non retorno en que se atopa. O Consello é, xustamente, unha institución imprescindible, que imprimiu carácter ás relacións laborais en Galicia.

No traballo do Consello reflíctese o do seu equipo técnico integrado por servidores entusiastas, guiados polo empeño de contribuír á realidade que o Consello Galego de Relacións Laborais é hoxe.

Pero se a celebración dun aniversario debe destacar os logros alcanzados, e ademais enxalzalos para facer xustiza á institución que o conmemora, non pode autocomprarse na tarefa até aquí realizada sen mirar de fronte ao futuro. Non o fará o Consello Galego de Relacións Laborais, que buscará a enerxía de todos para afrontar os novos retos nunha realidade socio-económica e laboral en constante evolución, na que o traballo -o “mercado de traballo”- e as formas organizativas empresariais -a “actividade económica”-, a negociación colectiva, o conflito laboral e a folga, cambiaron significativamente. Na negociación colectiva, a súa función de xestión dos cambios, das reorganizacións e reestruturacións empresariais, incluídos os cambios da negociación colectiva “normativa”, adquiriu unha acusada e máis complexa dimensión, antes descoñecida. Non menores son os cambios experimentados polo sistema negocial no seu conxunto, na súa ordenación e comportamento. Nos conflitos laborais, os colectivos expresan, á vez que os novos problemas nados das transformacións do traballo e das empresas, das institucións e das consecuencias relacións laborais -forman un todo-, o seu entrecruzamento cos individuais, que creceu de maneira tan notable que nalgúns ámbitos -como os expresados- volvéronse indisolubles. A folga non pode illarse dos servizos esenciais comunitarios nin dos medios tecnolóxicos aplicados masivamente á produción e aos servizos.

O Consello deberá abrir as súas portas cara a outros territorios e dirixir a súa tarefa de encanamento, mediación e solución, cara a esa nova conflitividade colectiva, e sinaladamente cara á individual -que xa anunciaba o AGA-, pero tamén cara á xerada no traballo autónomo economicamente dependente. Fíxoo a xurisdición social, cuxo crecemento e modernización son feitos incontestables na súa nova Lei reguladora. A composición negociada dos conflitos laborais non poderá subtraerse ao empuxe do -contexto normativo- e da realidade para o seu maior protagonismo.

Estou segura de que as organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia non renunciarán á innovación. Co seu impulso, a procura dunha influencia social renovada e maior marcará a etapa de madurez do Consello, que, provisto dos instrumentos necesarios, seguirá abrindo nos vindeiros anos unha vía de modernidade e progreso nas relacións laborais en Galicia. Sobre as sólidas bases construídas o seu porvir non pode ser máis esperanzador.

Debo expresar ao Consello Galego de Relacións Laborais a miña profunda gratitude polo xeneroso acollemento que sempre me dispensou. Traballar cos seus membros na elaboración do primeiro AGA, no proxecto de AGA-2, e en cantas iniciativas foi posible, foi e será sempre unha magnífica oportunidade de contribuír á súa frutífera tarefa que me enche de orgullo e satisfacción.

Amparándose no carácter democrático e participativo do noso sistema constitucional, e conforme ás directrices da OIT, naceu hai 25 anos o Consello Galego de Relacións Laborais con vocación de configurar un modelo autonómico de relacións laborais baseado no diálogo social, así como na de converterse no referente da participación institucional, que corresponde aos axentes sociais para a defensa dos intereses xerais de todos os traballadores e empresarios.

O camiño ata hoxe non foi doado, cos seus acertos e seus erros, con intres de calma e de tensión, que reflectían as etapas de conflitividade, bonanza ou crise que o mundo das relacións laborais galegas sufría paralelamente. Pero eu, que vivín de cerca a súa traxectoria, (e que tanto me beneficiei dos seus espazos de debate nos que puiden participar moitas veces, como das súas publicacións), primeiro como avogada laboralista, máis tarde como Maxistrada do Social e nestes últimos tempos, en boa veciñanza no Pazo de Amarante, non podo senón chegar á conclusión que cumpriu moi satisfactoriamente aqueles obxectivos.

O CGRL, como estrutura estable de participación institucional, lonxe de desempeñar un papel testemuñal, coadxuvou a potenciar o ámbito competencial autonómico en materia de traballo –que tan limitado parecía trala aprobación da Constitución- coa súa función de consulta e asesoramento da Administración. E creando unha canle permanente de diálogo, permitiu a busca de espazos comúns de reflexión entre as partes sociais, de indubidable transcendencia: porque sendo o conflito inherente ao ámbito das relacións de traballo, propiciou que o enfrontamento puidera resolverse moitas veces con solucións aceptables para ambas as dúas partes. Nesa labor tivo grande importancia a temperá firma do primeiro AGA en 1992 e as súas sucesivas renovacións e posta ao día; pero de igual xeito, o seu traballo de asesoramento aos suxeitos negociadores, as súas recomendacións e o pulo da negociación colectiva autonómica, ou mesmo a asunción de protagonismo estes últimos anos na busca da igualdade de xénero no noso ámbito das relacións de traballo. E agora, trala reforma laboral do 2012, pode ser singularmente aproveitable a súa experiencia na solución de discrepancias na inaplicación de Convenios Colectivos, a nivel autonómico ex.art. 82.3 ET, que tanta conflitividade pode provocar.

Galicia é hoxe moi diferente á que veu nacer ao CGRL. No actual contexto de incerteza, de dificultades económicas para tantas empresas, co nivel de desemprego e a falla de calidade do emprego que temos, sería unha parvada caer na compracencia; pero tampouco pode ser óbice para non amosar o orgullo polo que as organizacións sindicais e empresariais galegas conseguiron coa súa participación no Consello (sen esquecer a pegada dos seus presidentes). Nin para que os demais non se llo agradezamos como se merecen, co gallo desta efeméride. O que non significa que non lles esixamos aínda máis de agora en diante: precisamente porque a consideramos unha institución moi nosa, sentímonos quen de facelo.

José Antonio Gómez Gómez

*Secretario xeral de UGT-Galicia
Conselleiro do Consello Galego de Relacións Laborais 1999-2002*

Non é fácil sintetizar nunhas poucas liñas unha reflexión sobre o papel do Consello Galego de Relacións Laborais nestes vinte e cinco anos pero creo que podemos afirmar con rotundidade que nestes anos conseguiu responder á necesidade de establecer canles institucionais de encontro entre os interlocutores sociais dentro do respecto á autonomía das organizacións empresarias e os sindicatos no ámbito das súas competencias recoñecidas na Constitución.

Por iso, é necesario pór en valor o papel de todos aqueles que integraron e integran o Consello Galego de Relacións Laborais, o traballo constante de todos conseguiu unha mellora substancial do noso sistema de relacións laborais e o desenvolvemento económico e social de Galicia.

O Consello supuxo un avance incuestionable e facilitou un mellor funcionamento das relacións laborais entre os interlocutores sociais, tendo en conta o marco económico e social no que desenvolveu a súa actividade, conseguiu manter as diverxencias e desacordos e os elementos de cooperación e de acordo nas súas xustas proporcións, reducindo os conflitos a límites razoables, e fomentou no posible sempre os acordos.

Ao longo destes anos, o CGRL conseguiu desenvolver con éxito o seu papel como terceiro e intermediador dos conflitos laborais, baseado na acepción deste como catalizador de acordos polas partes en conflito. Iso, grazas ao prestixio do organismo e dos seus mediadores e mediante a creación dun marco de confianza, baseado na independencia, seriedade, neutralidade e responsabilidade, nacido da existencia dun diálogo permanente no seo do Consello.

Un punto importante de inflexión e que revitalizou o papel do Consello foi definir a súa natureza. A Lei 5/2008 de 23 de maio, froito do diálogo social, que veu a dar resposta a unha vella demanda da nosa organización, converteuno nun ente público de carácter independente e con personalidade xurídica e capacidade de obrar, para poder alcanzar mellor o fins que ten encomendados. Reforzouse, por tanto, a neutralidade e a non interferencia na autonomía das organizacións sindicais e empresariais.

Sen ánimo de autocompracencia, o CGRL favoreceu a solución extraxudicial de conflitos laborais, axudou á formación das persoas que interveñen nas relacións laborais e é un pilar básico para conseguir unha estrutura máis racional e articulada da negociación colectiva, perfeccionando e desenvolvendo os seus contidos.

Pero, sen dúbida, quedan cousas por facer. O acordo programático que deu pé á Lei 5/2008 de 23 de maio, ademais de reforzar e dotar ao Consello de personalidade xurídica propia, modifica as funcións e determinadas normas de funcionamento do CGRL coa finalidade de ampliar o seu campo de acción no eido da xestión dos acordos que lle sexan encomendados polos interlocutores sociais e, especialmente, o Acordo sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos.

Neste senso, apuntar que, xa tendo recoñecido o seu valioso papel e experiencia na resolución dos conflitos colectivos, deberíase avanzar na rearticulación do procedemento para

a solución de conflitos individuais que teñan a súa base na aplicación dos convenios e dos acordos colectivos.

Para UGT-Galicia, o Consello ten que continuar como un organismo forte, de relevancia, un órgano de encontro de diálogo institucional que, forzosamente, ten que ser quen de trasladar os seus froitos ao marco das relacións laborais; ten que ser quen de transmitir a utilidade e relevancia do seu labor aos primeiros destinatarios da mesma: o conxunto dos traballadores e traballadoras de Galicia.

Sen dúbida, que o Consello Galego de Relacións Laborais seguirá sendo –en boa medida– o que os seus membros queiramos que sexa.

Un instrumento que temos que ser capaces de aprobeitalo. Temos que ser gobernantes da súa realidade.

Xosé Manuel Sánchez Aguión

Secretario Xeral do SN de CC.OO. de Galicia

As recentes reformas laborais aprobadas en España proxectáronse con tanta forza sobre o sistema de relacións laborais que podemos considerar, en gran parte, que o modelo de Estado social e democrático de dereito proclamado pola Constitución española sofre un claro retroceso.

A reforma laboral do 2012 e, máis recentemente, o Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor, significaron un paso máis nesta desregulación do actual modelo de relacións laborais, á marxe da opinión e a negociación cos interlocutores sociais.

Ímonos achegando, deste xeito, a modelos de relacións laborais moi afastados dos canons europeos: cada vez máis precario, con menor participación dos interlocutores sociais e sometido ao ditado das leis do mercado e ás necesidades conxunturais das empresas. Un modelo que, unha vez modificado, será perdurable no tempo e de difícil reversibilidade.

A orixe do noso sindicato está intimamente ligada á loita dos traballadores e as traballadoras polo seu convenio. En Galicia non podemos esquecer o sucedido o 10 de marzo de 1972 en Ferrol, as mortes de Amador Rey e Daniel Niebla en defensa dos seus dereitos laborais.

Agora que a negociación colectiva se debilita por efecto da crise e das reformas laborais, defendela segue sendo unha tarefa clave, e é nesta defensa onde o Consello Galego de Relacións Laborais cumpre unha imprescindible función como órgano de encontro entre as confederacións sindicais e empresariais, fomentando a negociación colectiva, promovendo a conciliación, a mediación e a arbitrase dos, cada vez máis frecuentes, conflitos laborais.

Fundamental é a súa utilidade como instancia de participación institucional formulando propostas ao Goberno da Xunta sobre política laboral, sen esquecer a elaboración e publicación de ditames, resolucións, informes ou estudos sobre a devandita materia.

Pasaron vinte e cinco anos desde a súa creación e, alén da utilidade de sobra demostrada coa súa prolífica e fecunda actividade, desde o Sindicato Nacional de CCOO queremos agradecerlle ao Consello e a todo o persoal que traballa nel o seu bo facer e, xaora, a súa xenerosa dispoñibilidade.

Non podo rematar sen facer unha mención especial á recente modificación, este 25 de marzo, do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA). Vinte e un anos despois do asinamento daquel primeiro AGA, as organizacións que formamos parte de Consello Galego de Relacións Laborais asumimos unha vez máis a nosa responsabilidade para dotar o sistema de relacións laborais en Galicia dun reformado acordo, actualizado e mellorado.

Aínda temos pendente o acordo destinado á solución extraxudicial dos conflitos individuais, pero confiamos en poder poñelo en marcha nestes anos vindeiros, mentres o Consello Galego de Relacións Laborais manteña a súa autonomía e siga servindo de punto de encontro e diálogo entre os interlocutores económicos e sociais de Galicia.

Xesús Eladio Seixo Fernández

*Secretario Xeral da Confederación Intersindical Galega
Conseilleiro do Consello Galego de Relacións Laborais 1991-2001*

Cómpre empezar dicindo que se despois de 25 anos existe o CGRL, coas características que hoxe ten, é debido fundamentalmente ao empeño que puxemos as organizacións sindicais e de empresarios que o conformamos, en facer do Consello un organismo autónomo, con personalidade xurídica propia e, sobre todo, un ente vivo e activo no marco das relacións laborais en Galiza.

Ao longo destes 25 anos o Consello pasou por etapas con maior ou menor dinamismo, no que sen dúbida influíu os diferentes niveis de interese e compromiso que ao respecto do mesmo amosou, neste período de tempo, a Xunta de Galiza ou mesmo algunha das organizacións que forman parte del. En calquera caso, o certo é que o CGRL foise consolidando nestes anos como unha institución de referencia nas relacións laborais en Galiza, polos seus informes anuais sobre a situación sociolaboral, o seu papel mediador na conflictividade laboral a través do AGA, polos seus informes sobre negociación colectiva e os seus esforzos en colaborar na ordenación e estruturación da mesma, pola súa implicación na formación en materia laboral ou polos seus ditames avaliativos das diferentes ordes que en materia laboral emite a Xunta de Galiza, consolidándose como un dos Consellos de Relacións Laborais máis activos de todos os que se constituíron nas diferentes Autonomías.

Vivimos anos moi convulsos nas relacións laborais en Galiza, froito das últimas contra-reformas laborais promovidas polos diferentes gobernos españois, que están a baleirar de contido o aspecto social do dereito do traballo, alterando o actual marco de relacións laborais en beneficio dos intereses da parte máis forte nas mesmas, é dicir, do capital. Diante desta situación, na que están a ser debilitadas ferramentas tan determinantes na regulación das condicións laborais como é a negociación colectiva, na que as relacións laborais están tan desequilibradas en favor da parte empresarial, o ter un organismo como o CGRL que no ámbito institucional busque certo equilibrio e contribúa a manter abertas vías de comunicación e diálogo entre patronal, sindicatos e administración, supón xa de por si un importante labor de presente e de futuro.

Ao mesmo tempo, cómpre ter presente tamén que, ás dificultades de regular as relacións laborais en Galiza, como consecuencia da falta de competencias lexislativas do Parlamento Galego en materia laboral, se unen os intentos de reforzar o marco estatal para calquera tipo de negociación, afastándoa do control e participación da clase traballadora e do empresariado galegos. Esta e outra das materias nas que o CGRL podería e debería de xogar un papel importante de cara ao futuro, promovendo iniciativas que favorezan acordos que enchan de contido as relacións laborais en Galiza,

Por último, quixera amosar o recoñecemento da CIG ás persoas que asumiron, ao longo deste 25 anos, o difícil e delicado labor de desempeñar a presidencia do Consello, polo seu bo facer e por teren sido pezas claves para que o Consello siga a estar presente e con vida. Este agradecemento fágoo extensivo tamén a todos os traballadores e traballadoras do organismo, tanto aos que estiveron como os que están na actualidade, polo seu compromiso e profesionalidade.

José Manuel Fernández Albariño

Presidente da Confederación de Empresarios de Galicia

A conmemoración do vixésimo quinto aniversario do Consello Galego de Relacións Laborais o é tamén a da concertación no ámbito das relacións laborais da nosa Comunidade.

Facendo honra ao seu cuarto de século de vida, cabe destacar o importante labor desenvolvido polo Consello como eixo das relacións laborais galegas: na súa condición de órgano consultivo emitindo ditames a todos os proxectos normativos, no fomento do debate social, o apoio á negociación colectiva galega, a solución extraxudicial dos conflitos colectivos.

Pero sobre todo como elemento vertebral do diálogo social, da concertación e da paz sociais, baseado no principio irrenunciable da autonomía das organizacións sindicais e empresariais máis representativas, como protagonistas da conformación dunhas relacións laborais modernas, unha vez consolidado plenamente o modelo democrático de relacións laborais deseñado pola Constitución e polo Estatuto de Autonomía.

Pero esta perspectiva do tempo e das múltiples actuacións en desenvolvidas neste período, non nos deben facer caer nunha autocompracencia, pois máis agora que nunca a situación da conxuntura polas que están a atravesar as nosas empresas e, a consecuencia, as persoas traballadoras, débennos impulsar a renovar o noso espírito crítico.

Habemos de estar atentos á busca de solucións que dean resposta ás necesidades reais da sociedade e, dentro dela, das empresas como elemento estrutural da xeración de valor para a mesma, cuestión que a estas alturas xa ninguén discute.

Esta máxima, a de localizar puntos de encontro coas representacións sindicais que permita dar resposta ás demandas da sociedade civil, será tamén una das máximas que rexerán a actuación empresarial nesta nova andaina.

Pero, considerando que o conflito subxace aínda nunha sociedade libre, deben fortalecerse os mecanismos necesarios para a mellora da súa xestión, e neste punto o papel do Consello debe facer prevalecer a súa importancia, na súa condición de xestor do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA), recentemente renovado.

A concertación e o diálogo non nos deben facer esquecer que as formas están a disposición dos contidos, e que no ámbito das relacións laborais as empresas demandan, cada vez máis, solucións que dean resposta ás súas necesidades de mellora da competitividade, da produtividade, da flexibilidade, e iso é o principal indicador de que aínda quedan moitos retos que alcanzar.

A procura de solucións a estes retos pasa polo futuro fortalecemento das funcións que desenvolve o Consello como organismo catalizador das relacións laborais galegas, baixo o fundamento do diálogo construtivo e integrador.

É necesario pois facer fronte a este novo período visualizando desde agora cun Consello reforzado e modernizado na xestión pacífica dos conflitos, e das dinámicas lexítimas de pártelas protagonistas das relacións laborais.

Fausto Santamarina Fernández

*Secretario xeral da Confederación de Empresarios de Galicia
Conselleiro do Consello Galego de Relacións Laborais*

Parabéns, Presidente!

Parabéns por representar e dignificar co voso traballo unha institución que, como moi poucas na nosa sociedade e xa durante 25 anos, soubo rendibilizar e facerse merecedora da confianza que depositamos organizacións que colidían tanto como as que no seu momento iniciamos a peregrinaxe no Consello Galego de Relacións Laborais cara aos obxectivos que esixía nosa propia razón de ser, e que nos demandaba a sociedade.

Peregrinos, que pasamos da desconfianza, do enfrontamento e o enconamento institucional, a traballar de forma coordinada, ás veces de xeito conxunto, para mellorar a nosa contorna laboral, a negociación colectiva, a formación do noso potencial humano, a fomentar a empatía e o coñecemento cunha nova forma de abordar os problemas baseada no diálogo, a concertación e o entendemento.

Se as palabras das nosas organizacións nos seus inicios eran atravesadas por coiteladas de silencio e desconfianza que esnaquizaban calquera indicio de acordo, durante estes anos se viu forxando, -non sen traballo, esforzo e moitas horas de vixilia- unha institución que permitiu transformar os absurdos do despropósito cheo de prexuízos, en canles polos que podíamos camiñar -chegáse ou non a acordos- cara a un obxectivo común, baseado na tolerancia e o respecto aos intereses contrapostos, e ás persoas que os representamos.

Así se alcanzaron importantes metas e asináronse acordos que seguen beneficiando a empresarios, a traballadores e á sociedade galega en xeral; organizáronse actividades, xornadas, estudos, e informes de gran relevo para os nosos gobernantes, e establecéronse proxectos e actuacións en colaboración con institucións que achegaron un gran valor aos obxectivos do Consello.

Abrir as nosas organizacións á sociedade, a través dos acordos e da actividade xerada polo Consello Galego de Relacións Laborais, fai visible a verdadeira razón de ser dunha institución que se gañou por si mesma, pola dedicación do seu valioso equipo humano, polo compromiso das nosas organizacións empresariais e sindicais, e polos innegables resultados e beneficios que xera á sociedade, un posto de honra como instrumento imprescindible para a PAZ SOCIAL na nosa Comunidade Autónoma.

Por todo iso, Presidente, permíteme que a través túa faga partícipes da miña felicitación a todos os presidentes, secretarios e traballadores que tivo o Consello, así como aos representantes sindicais e empresariais que ao longo destes anos, achegaron a súa dedicación e profesionalidade para que acoollamos estes 25 anos con orgullo de participar neste proceso, e co desexo de que a nosa Administración siga apostando por un dos mellores proxectos que se desenvolveron para a concertación social e Galicia.

Un forte abrazo

Luis Caramés Viéitez

*Catedrático de Economía Aplicada da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da
Universidade de Santiago de Compostela
Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais 1988-1990*

Xa hai 25 anos da creación do Consello Galego de Relacións Laborais. E o mundo non se parou, traéndonos de paso unha crise económica e financeira de gran profundidade. Nese contexto, sería improbable que o diálogo social non se vise afectado, tanto nos niveis nacionais como da Unión Europea. De feito, apareceron novos comités sectoriais e o debate intensificouse desde diversas perspectivas, como na moi polémica flexiseguridade. Así, as discusións percorreron transversalmente as organizacións patronais e sindicais, co apoio de Bruxelas, a fin de profundar nunha case inédita estratexia de Lisboa, á vez que se busca un maior equilibrio entre os dereitos e as responsabilidades dos axentes sociais e os poderes públicos, promóvese a igualdade entre mulleres e homes, e, en fin, quérese avanzar na eficacia das políticas activas de emprego. A Unión, por medio dos seus fondos estruturais, contribúe a esta estratexia, subliñando a formación no seo da empresa, a aprendizaxe ao longo da vida e a promoción do espírito emprendedor. Escenario ben distinto do que nos enmarcaba a finais dos anos 80, momento no que se crea o CGRL.

Tiven o privilexio de ser o seu primeiro presidente e, como tal, a obriga de botalo a andar. Sede itinerante, adestramento na cultura do diálogo, actores con ilusión, pero tamén con reticencias, problemas orzamentarios, relacións co goberno cheas de altibaixos, algún conflito institucional serio, como sucedeu co nomeamento dun secretario xeral da institución. Pero, por encima de todo, bo ambiente e ganas de traballar desde un órgano inédito na práctica política, sindical e empresarial. Fixemos informes, reunimos mesas de discusión sobre temas que entón eran candentes, establecemos relacións frutíferas e cordiais con Consellos homólogos doutras CCAA. En definitiva, construímos un oco no denso e competitivo mapa da nacente administración galega, sabendo que os froitos se darían no longo prazo, cando a maior parte do que alí estabamos xa non estaríamos. Desde a xa tupida néboa dos recordos, gustárame enviar un fraternal saúdo á xente de entón, como tamén o desexo de boas singraduras aos que hoxe fan cada día o Consello.

Benigno Sánchez García

*Inspector de Traballo e Seguridade Social
Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais 1991-1996*

Poucos discuten que nas sociedades modernas e complexas como a nosa o diálogo é o sistema máis axeitado para a solución dos conflitos, algo que no mundo das relacións laborais ten adquirido carta de natureza desde hai moito tempo. O Consello Galego de Relacións Laborais ten feito un extraordinario labor nestes 25 anos para a institucionalización do diálogo social en Galicia, ofrecéndose desde os primeiros momentos da súa creación como ferramenta para ese diálogo e, o que é máis importante, conseguíndoo.

Pero o Consello Galego de Relacións Laborais non limitou a súa actividade neste período a ser o principal foro para o diálogo social no noso País: foi e está a ser o principal actor na dinamización do debate social; na formación de varias xeracións de cadros das organizacións sindicais e empresariais; na consecución de un alto grao de comunicación, e mesmo sana complicidade, entre integrantes dos diferentes colectivos profesionais que exercen o seu labor no mundo das relacións laborais; e no estudo a análise e a difusión da nosa realidade económico social.

En todos estes eidos, a actuación do Consello viuse condicionada e favorecida por senllos elementos.

Por unha banda, o dinamismo do Consello, nun período longo de tempo como o que celebramos, foi maior ou menor en función do grao máis ou menos intenso de implicación, nas diferentes etapas, das organizacións empresarial e sindicais que o integran. Non se explica un Acordo da relevancia do AGA, en 1992, sen un motor de tanta potencia como as organizacións sociais da época. Nin se explica a demora na posta en marcha dun sistema de solución dos conflitos individuais sen ter en conta a ralentización do seu impulso por parte dalgunhas desas mesmas organizacións.

Por outra banda, esta idea conecta con outra que moitas veces pasa desapercibida e que, para min, ten unha extraordinaria importancia: o Consello Galego de Relacións Laborais foi concibido hai 25 anos, e así segue a ser, como un foro exclusivo das organizacións sindicais e empresariais, sen presenza da administración nos seus órganos decisorios, nin de outros colectivos alleos ás relacións laborais que puideran entorpecer ou distorsionar os debates que se producen no seo daquel. Trátase dun acerto na concepción do organismo que ninguén tivo a tentación, explicitada formalmente, de cambiar polo de agora.

En momentos de incerteza e graves dificultades coma os actuais, ademais de “non facer mudanzas”, compre actuar con especial intelixencia, potenciando as ferramentas que se viñeron amosando como as indiscutiblemente máis útiles para construír pontes e canles estables de comunicación e diálogo para resolver os conflitos.

Parabéns aos integrantes do Consello Galego de Relacións Laborais por estes frutíferos 25 anos de vida, aos que confío sigan moitos máis.

Teresa Pedrosa Silva

*Delegada do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo
Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais 1997-2002*

Podo afirmar, sen medo a equivocarme, que o Consello Galego de Relacións Laborais supuxo un antes e un despois na negociación entre os axentes sociais de Galicia, como tamén podo afirmar sen dúbida ningunha, que o meu paso polo Consello deixou unha pegada indeleble na miña vida profesional.

Era a finais de 1995, daquela tamén corrían anos difíciles, e foi despois dun encontro en Santiago de inspectores de Traballo cando incorpórome ao Consello como Secretaria Xeral. Un ano despois tiven a honra de ocupar a Presidencia do Organismo. Era moza, moi nova, trinta e poucos, e muller, naquel momento a primeira muller que presidía un organismo autónomo da Xunta, e a única... Non foi doado pero si, moi gratificante. Alí no Consello aprendín a negociar, a pactar, a escoitar, a transixir e, sobre todo, a chegar a acordos.

E tamén aprendín a traballar en equipo, nun bo equipo por certo. Faciamos moito con pouco, fomos pioneiros en multitarefa, organizabamos congresos nos que faciamos dende o papel de azafatas ao de técnicos de son, corrixiamos e maquetabamos os informes, organizabamos cursos e participabamos nas mediacións... Todos faciamos de todo, por iso nestes 25 anos quero deixar constancia da miña gratitude a todos os traballadores daquela época e tamén a todos os membros do Pleno.

Se para min foi clave o Consello, obviamente, para Galicia foino moito máis. Potenciar e consolidar un marco galego de relacións laborais foi un esforzo de todos, de empresarios, de sindicatos e da Administración. O Consello xogou un papel clave e foi quen de buscar o seu espazo, e encontrouno, iso faille forte hoxe, faino ser un organismo necesario en tempos de recortes, útil en tempos de conflito e sereno en tempos de turbulencias.

Na miña opinión, o Consello debe seguir reforzando o papel que durante estes 25 anos conquistou a pulso: ser o eixe das relacións laborais galegas, o centro do debate claro, da negociación colectiva, da solución extraxudicial de conflitos, do coñecemento específico da materia e sobre todo do diálogo social. Sen dúbida, mantendo esa liña de traballo, está preparado para afrontar con éxito outros 25 anos máis.

Odilo Martiñá Rodríguez

Director Xeral de Traballo e Economía Social

Antes de nada, é preciso felicitar ao Consello Galego de Relacións Laborais polos seus vinte cinco anos de funcionamento; sen embargo, faise difícil felicitar a unha Institución, xa que a Institución non podería existir sen o persoal que a mantén, en definitiva, sen as persoas que fan posible que día a día funcione e que día a día cumpra cos obxectivos para os que foi creado, polo tanto, felicidades a todo o persoal do Consello, ao que está exercendo nestes momentos e a todos aqueles que fixeron posible, cada un dende as súas responsabilidades, o seu funcionamento.

Penso que nestes momento é moi difícil pensar nas relacións laborais en Galicia sen o Consello Galego de Relacións Laborais; as súas funcións de mediación son recoñecidas por todos os axentes implicados no mundo laboral en Galicia e a súa función de difusión, formación e información, tórnase fundamental para os profesionais da área laboral.

Non podemos esquecer tampouco quen forma parte deste Consello Galego de Relacións Laborais: os axentes sociais, centrais sindicais e asociación empresarial, souberon en todo momento estar á altura das circunstancias para, aínda existindo diferenzas nas formas de pensar e de entender as relacións laborais, aparcas esas diferenzas para facer do Consello un foro de discusión, pero tamén de entendemento, e que chegar a ser unha ferramenta imprescindible no mundo laboral Galego.

Ao longo destes vinte cinco anos o Consello Galego de Relacións Laborais soubo desenvolver con éxito o seu papel como mediador e o seu papel como formador no ámbito das relacións laborais, grazas ao prestixio acadado que en boa parte, por no dicir en toda, débese ás persoas que integraron e integran dito Consello.

Dende a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social o Consello constitúe un apoio moi importante no ámbito das relacións laborais, cada órgano coas súas competencias e coas súas responsabilidades, constitúen un todo inseparable.

Por todo elo é necesario poñer en valor o traballo feito nestes anos polo Consello, así como todo o traballo que aínda lle queda por facer e que, de seguro, contará co apoio de todos os interlocutores sociais galegos.

Juan Francisco Fontela Fernández

Vicepresidente do Consello Galego de Relacións Laborais 1988-1990

No mes de xullo de 1988 aprobouse e publicouse a lei creadora do CONSELLO GALEGO DE RELACIONES LABORAIS, que naceu para responder á necesidade de establecer canles de encontro entre as organizacións sindicais e empresariais, ademais de ser un órgano consultor e asesor da Comunidade Autónoma, na súa materia. Este marco estable de encontro dos interlocutores sociais constituíuse formalmente no mes de outubro dese ano cos respectivos nomeamentos.

Xa no ano 1989 e logo de aprobar as normas de funcionamento interno, abordáronse temas de importancia como a “Elaboración dun plan de actuacións prioritarias da Inspección de Traballo”, o “Estudio das condicións de traballo no sector da Lousa” ou a “Proposta de apertura da mesa de emprego en Galicia”.

Tamén aprobouse un convenio coa Universidade de Santiago para a realización do Curso Superior de Relacións Laborais, que logo consolidouse.

No eido das actividades formativas cumpre lembrar multitude de seminarios que se celebraron contando con poñentes de recoñecido prestixio e abordando temas candentes como a Economía mergullada, as Infraccións e sancións nas relacións laborais, a Carta social europea, a formación e o emprego, etc.

Foi na miña opinión unha etapa moi enriquecedora, que como todo organismo de nova creación necesita moita dedicación. Naqueles momentos a cultura de abordar os problemas entre os interlocutores sociais era mais ben escasa, e as desconfianza dos representantes empresariais, impediron abordar temas laborais que serían necesario discutir e acordar. Hoxe co paso do tempo penso que este problema está mais que superado. A imposibilidade anteriormente descrita, e os atrancos dos distintos gobernos, levou a que nos dous primeiros anos a actividade maior do Consello se encamiñara a accións formativas e seminarios, ademais da emisión dalgúns informes.

A falta reiterada de cumprimento polo Goberno da Xunta da lei creadora do CGRL, ademais de temas puntuais (retirada da delegación de funcións ó Presidente, nomeamento arbitrario do secretario, etc), provocaron a dimisión do Presidente e a miña como Vicepresidente.

A miña lembranza moi positiva desta etapa, tamén é de agradecemento aos representantes das organizacións representadas no Consello, polo seu bo talante e o seu traballo. O meu recoñecemento ao Presidente e o secretario, que coa súa indubidable capacidade sempre fixeron moi doado o meu traballo, e sobre todo o meu agradecemento ao persoal do consello, moi eficaz e sempre disposto. Un bo equipo.

Co paso do tempo vexo orgullosamente que o CGRL, é unha institución que gañou o cualificativo de fundamental e imprescindible, que avanza no bo camiño para seguir medrando e dar un mellor servizo ao conxunto da nosa Comunidade.

Grazas a todos os que o fixestes posible.

Javier Gárate Castro

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela
Director do Curso Superior de Relacións Laborais*

O meu vínculo de colaboración co Consello Galego de Relacións Laborais comezou pouco despois da súa creación, en 1988, e mantívose constante ao longo destes vinte e cinco anos, durante os cales puiden seguir o que foi o seu proceso de consolidación como órgano autonómico de participación institucional dos sindicatos e asociacións empresariais. Da devandita consolidación é peza esencial, sen dúbida, a nova natureza xurídica que adquiriu aquel en 2008. Con todo, paréceme máis importante o seu sustento no progresivo e permanente crecemento da actividade do órgano en termos cualitativos e cuantitativos e na transformación e enriquecemento das relacións laborais en Galicia que iso xerou. Estas non se poden entender hoxe facendo abstracción do que vén sendo a actividade do Consello nas distintas áreas que cobre, principalmente a promoción e mellora da negociación colectiva, os medios autónomos de solución dos conflitos de traballo e a formación nos contidos propios das relacións laborais e de seguridade social. Os resultados alcanzados nas indicadas áreas ao longo destes vinte e cinco anos converten ao Consello nun modelo de institución eficaz pola súa forma de funcionamento e administración dos recursos de que dispón e socialmente útil e valiosa polos froitos; tan útil e valiosa que pór en cuestión a continuidade do órgano e a súa especialización preséntase insensato, imprudente e impropio dunha actuación conforme ás esixencias do bo goberno.

Descartando, polo que acabo de indicar, calquera decisión que afecte á continuidade do Consello cos trazos esenciais cos que naceu e veu desenvolvendo as súas funcións, creo que nos próximos anos ten ante si o reto de conseguir, contando co oportuno consenso e compromiso dos axentes sociais, que a negociación colectiva siga avanzando na súa cobertura e mellorando os seus ámbitos e contidos até esgotar as posibilidades que ofrece o marco regulador menos favorable que trouxeron as reformas do Estatuto dos Traballadores de 2011 e 2012. No terreo da solución dos conflitos de traballo, o reto é converterse no principal protagonista da xestión da solución extraxudicial no ámbito da comunidade autónoma de Galicia. Conta para iso coa recente adaptación do AGA ás actuais previsións legais sobre o ámbito obxectivo e pautas de funcionamento dos procedementos de solución privada dos conflitos colectivos establecidos por acordos interprofesionais. O anterior, con ser importante, non é bastante para a cabal consecución do obxectivo indicado, que tamén require o complemento da asunción da xestión do servizo de solución extraxudicial dos conflitos individuais a través de instrumentos realmente eficaces que permitan que dita solución pase a funcionar como unha verdadeiro medio de evitación do proceso e deixe de ser un mero trámite para a presentación da demanda. En fin, vista a conflitividade que propicia a vixente regulación de descolgue dos convenios colectivos, o Consello preséntase, pola súa natureza, composición e funcións, como o órgano natural e adecuado para asumir, previas as modificacións que sexa preciso introducir na súa normativa reguladora e en relación con descolgues cuxo ámbito non exceda de Galicia, a función decisoria alternativa á da Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos, prevista no artigo 82.3 do Estatuto dos Traballadores.

Jaime Cabeza Pereiro

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo
Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo*

Os 25 anos que vai cumprir o Consello Galego de Relacións Laborais corren case paralelos á miña carreira como profesor de Dereito do Traballo desde que comezara a tese de doutoramento no ano 1990. Hoxe, coa perspectiva do tempo, quero recoñecerlle a esta querida institución tanto a súa influencia decisiva na mellora do diálogo social en Galicia canto a súa capacidade aglutinadora de todos os axentes do mundo das relacións laborais. No meu caso, penso que son testemuña privilexiada do seu papel fundamental e do valor engadido que ten aportado como órgano de participación institucional.

Sen dúbida a sinatura do primeiro AGA, no ano 1992, encheu de contido o labor de conciliación, mediación e arbitraje coa sinatura dun dos primeiros acordos interprofesionais asinados en todo o Estado en materia de solución extraxudicial de conflitos. Desde entón, o acordo galego ten probado a súa eficacia como sistema exitoso de autocomposición, como amosa o progresivo incremento de asuntos sometidos a el, sempre baixo o principio da estrita voluntariedade das partes. A súa renovación a comezos do ano, urxida polas máis recentes reformas laborais, é unha evidencia da vontade das partes sociais asinantes de manter a súa confianza estratéxica nunha ferramenta de solución da conflitividade colectiva máis eficaz e construtiva que outros remedios tradicionais. O AGA de conflitos individuais, cando se poidan superar os problemas estruturais e financeiros para a súa posta en marcha, ten que ser o seu lóxico complemento, para que se produza unha substantiva desxudicialización da litixiosidade laboral.

Á marxe das cifras estatísticas, hai que recoñecerlle ao Consello a súa capacidade dinamizadora da negociación colectiva galega, desde varias perspectivas. Primeiro, como foro de diálogo no que as organizacións sindicais e empresariais adoitan achegar as súas posturas e aportar recomendacións e boas prácticas aos suxeitos negociadores dos ámbitos inferiores. Segundo, como institución de publicidade e estudo da negociación colectiva galega, mediante análises xerais e específicas e mediante unha base de datos de convenios esencial para os prácticos do Dereito do Traballo. Terceiro, como plataforma de impulso da negociación colectiva de ámbito autonómico, principalmente en ámbitos emerxentes que carecían de convenio colectivo propio. Cuarto, como instancia de reflexión formal e informal dos problemas obxectivos e subxectivos que expón a renovación dos convenios colectivos.

Desde a perspectiva dun profesor de Universidade, hai que recoñecerlle ao Consello un esforzo xeneroso na interlocución coas tres entidades que conforman o Sistema Universitario Galego. A tal fin, o número de actividades organizadas con cada unha delas é moi alto. Seminarios, xornadas, cursos formativos, mesas de debate... Particular referencia merece o Curso Superior de Relacións Laborais, organizado coa Universidade de Santiago e que se ten consolidado como unha das formacións de especialista universitario de maior recoñecemento e calidade. Todos os campus universitarios sen excepción se teñen beneficiado coa presenza activa do Consello, que cumpriu na dita colaboración coas Universidades unha función esencial da divulgación e debate da problemática laboral. Ademais, nas súas diversas publicacións –informes, estudos, revista, ditames...- enriqueceu moito a reflexión crítica verbo das relacións laborais. Mágoa que as restricións orzamentarias dos últimos anos supoñan certos axustes que afectan a este capítulo esencial da súa actividade!

O Consello ten conseguido que todos nos sintamos un pouco partícipes e protagonistas del. Sen prexuízo de que os seus integrantes fundamentais sexan as propias partes sociais, coido que expreso un pensamento xeneralizado cando digo que conseguíu que enraigañara en nós certo sentimento de pertenza. Do que son artífices, desde logo, os seus sucesivos presidentes, sen esquecer a ningún deles, pero tamén as organizacións sindicais e empresariais, que foron quen de crear un ambiente de integración e acollida.

Jesús Martínez Girón

*Catedrático de Dereito do Traballo e Seguridade Social
da Facultade de Dereito-da Universidade da Coruña
Mediador e árbitro do AGA*

Na miña opinión, expresada só desde o moi concreto punto de vista do ámbito profesional universitario tan específico en que me movo, o Consello Galego de Relacións Laborais é un organismo que merece ser axuizado con franca simpatía. Dun lado, porque soubo crear e manter ferramentas técnicas informáticas, de acceso gratuito e dotadas de moito valor engadido, que creo indispensables para abordar calquera estudo científico sobre a negociación colectiva que ten lugar en Galicia, cubrindo un baleiro existente en España respecto diso. Doutro lado, porque sempre foi un bo apoio das Áreas de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, nas actividades gratuítas -tan importantes- de extensión universitaria que estas últimas veñen desenvolvendo no seo do sistema público universitario de Galicia. De cara ao futuro, o reto máis constrinxinte que encara a Universidade, galega e non galega, é o da súa internacionalización. Por iso mesmo, pensando no devandito futuro (e especialmente, no que se nos pide aos laboristas por parte do máis alto órgano consultivo da Unión Europea en asuntos socio-laborais), creo que o Consello Galego de Relacións Laborais debería reforzar o apoio das actividades universitarias de estudo e divulgación do Dereito comparado do Traballo e da Seguridade Social, fomentando a tarefa de dar a coñecer os progresos habidos no mundo da vangarda das relacións laborais que máis inmediatamente nos rodea, tanto en Estados europeos constitucionalmente complexos (caso, por antonomasia, de Alemaña) como en Estados europeos de corte centralista e unitario (Francia, por exemplo).

A conmemoración do 25 aniversario da creación do Consello Galego de Relacións Laborais é, sen dúbida, un motivo de gran satisfacción para a nosa Comunidade Autónoma e, de maneira especial, para cuantos desenvolvemos o noso traballo vinculados ao mundo das relacións laborais. Cónstame o gran labor realizado polo Consello no desenvolvemento e modernización das relacións laborais en Galicia, en especial, en materia de negociación colectiva e de formación de persoas relacionadas coa aplicación da lexislación laboral. Con todo, a miña reflexión, como Presidente da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, creo que debe orientarse a destacar o labor realizado polo Consello nun dobre sentido: por unha banda, como “foro permanente de debate aberto”, e por outra, como Institución de seguridade xurídica preventiva dirixida á consecución de acordos e á evitación de litixios.

Como foro permanente de debate, cónstame que durante anos se celebraron na sede do Consello Galego de Relacións Laborais numerosos “encontros” propiciados polo Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia, no marco das relacións entre ambas as Institucións para a celebración de cursos de formación. Estes “encontros” producíronse de forma intermitente, e recuperáronse, até agora de forma continuada, no ano 2010, grazas á especial preocupación do Presidente do Consello D. Demetrio Fernández López. Durante estes últimos anos tiven a oportunidade de participar directamente neles e de comprobar a importancia do labor levada a cabo polo Consello Galego de Relacións Laborais como “foro aberto de debate”, no que participaron Maxistrados e Xuíces do Social, Catedráticos de Dereito do Traballo e Seguridade Social do tres Universidades de Galicia, e os axentes sociais, representados por diferentes Letrados en exercicio, pertencentes todos eles ao mundo empresarial ou sindical. En todos estes “encontros” reflexionouse amplamente sobre a evolución experimentada polas nosas relacións laborais e, en especial, sobre a multiplicidade de problemas e dúbidas interpretativas expostas como consecuencia das profundas reformas lexislativas producidas nos últimos anos tanto en materia de Dereito do Traballo como de Seguridade Social; reformas que foron a resposta do lexislador fronte á situación de grave crise económica que aínda afecta ao noso país, e que non deixaron de expor aos operadores xurídicos complexos problemas de comprensión e interpretación que foron examinados -e moitas veces resoltos- no foro aberto celebrado a sede do Consello Galego de Relacións Laborais.

Unha tarefa máis calada para quen estamos na práctica diaria dos Tribunais, pero tan relevante, ou máis, que a anterior, é a actuación levada a cabo polo Consello como “Institución de seguridade xurídica preventiva” feita realidade a través da mediación. Expresión deste labor foi precisamente, a subscrición, no ano 1992, por parte os sindicatos máis representativos e pola Confederación de Empresarios de Galicia, do Acordo para regular os procedementos extraxudiciais para a solución dos conflitos colectivos de traballo na nosa Comunidade autónoma (AGA), baixo cuxa regulación, e co apoio do Consello Galego, construíuse un sistema de relacións laborais adaptado ás peculiaridades e á realidade socioeconómica de Galicia. A solución extraxudicial de conflitos e os acordos conseguidos neste campo coa axuda do Consello, evitaron numerosos litixios que, noutro caso, chegarían a coñecemento dos Xulgados e Tribunais da orde social da nosa Comunidade autónoma. Este labor de compromiso coa mediación e o acordo extraxudicial, xunto coa xa destacada de foro aberto de debate, levaron ao Consello Galego de Relacións Laborais,

durante estes 25 anos, a consolidarse como unha Institución necesaria e enormemente respectada no seo da sociedade galega, e, de maneira especial, entre quen contribuíron -e a diario contribúen- a construír na nosa comunidade un sistema de relacións laborais fundado no acordo e na negociación.

O meu máis sincero agradecemento ao Presidente do Consello por convidarme a participar nesta celebración e permitirme expresar estas reflexións en tan significativa efeméride, e os meus mellores desexos de continuidade para a Institución xunto coa máis sincera felicitación para todos os que, durante estes anos, contribuíron, co seu esforzo, ao prestixio e consolidación da mesma.

Emilio Fernández de Mata

*Maxistrado da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
Relator en Xornadas do Consello Galego de Relacións Laborais*

Nada podo sinalar e concretar sobre o nacemento do Consello Galego de Relacións Laborais, pois naquelas datas atopábame fóra de Galicia, realizando a miña actividade profesional noutras latitudes e fóra de de a Xurisdición Social.

Pero pronto, en 1991, estableceuse contacto, a través do seu entón Presidente Benigno Sánchez, que estaba empeñado, o mesmo que os axentes sociais que forman parte do mesmo, en que os Maxistrados do Social participásemos nas actividades que se realizaban e concretamente nos “Encontros Galegos de Relacións Laborais”.

O primeiro “Encontro”, celebrado no incomparable marco do Gran Hotel da Toxa, foi para min unha inesgotable fonte de coñecemento, non polo que alí puidese aprender, senón pola ocasión, única, que me proporcionou de coñecer fisicamente a persoas que, desde a empresa e os sindicatos, estaban a construír a realidade do diálogo social e a negociación colectiva en Galicia, é dicir, non só me posibilitou profundar no coñecemento da construción das normas convencionais laborais, senón coñecer a algúns dos seus creadores, as dificultades do proceso de negociación colectiva, os mecanismos empregados para superar os obstáculos, etc.

Tamén puiden coñecer a membros da administración laboral e a súa participación no mundo das relacións laborais, o que me posibilitou, ao longo dos anos, pedir a súa axuda e colaboración profesional para a resolución dos conflitos, individuais e colectivos, que xudicialmente debía resolver, sen as molestias e limitacións que, en moitas ocasións, a tramitación burocrática impón, dotando de maior axilidade aos procedementos.

Desde entón, a relación co Consello e os seus membros foi permanente e fluída, participando nas actividades que se organizaron, polo que, con independencia do escuro e constante traballo diario que realizan os seus membros e o persoal que alí presta e prestou servizos, os informes que se emiten, a actividade vinculada co AGA, etc., permitírame sinalar, como un dos grandes logros do Consello Galego de Relacións Laborais, ser a entidade que posibilitou non só o diálogo social e a normalización das relacións laborais en Galicia, senón tamén o coñecemento persoal e profesional de todos aqueles que, directa ou indirectamente, participamos no devir diario das relacións laborais, abrindo mentes, borrando estereotipos, diluíndo desconfianza, permitindo, en fin, que todos nos coñezamos e comprendamos un pouco mellor.

Até aquí o conseguido, pero, nos próximos 25 anos ten ante si o *Consello moitos retos, nun incerto mundo de relacións laborais, dominado por unha profunda crise económica nun mundo globalizado, debendo contribuír a *serenar os ánimos e a continuar *batallando na profundización dunhas relacións laborais máis xustas e equilibradas, con participación de todos os protagonistas, labor na que xa conta coa vantaxe do coñecemento, proximidade e confianza que se xeraron até agora, que, sen dúbida, permitirán superar as dificultades que, no día a día, váianse presentando.

Así, o Consello será, un pouco máis, a casa de todos.

Pedro Rabanal Carbajo

*Maxistrado-Xuíz do Xulgado do Social 4 de Ourense
Relator en xornadas do Consello Galego de Relacións Laborais*

O Consello Galego de Relacións Laborais desenvolveu nos seus 25 anos de andaina unha importante labor de desenvolvemento e estudo das relacións laborais, particularmente no ámbito da negociación colectiva, a composición e solución extraxudicial de conflitos e o fomento da interlocución social, contribuíndo a lograr un clima de respecto e entendemento entre os interlocutores sociais e un sistema de relacións laborais colectivas de alta calidade.

Destaca o labor do Consello na composición de conflitos, tanto mediante a súa actividade en relación coa negociación colectiva no ámbito da Comunidade Autónoma como mediante a súa actividade mediadora no marco do Acordo sobre Solución Extraxudicial de Conflitos Colectivos cuxa consecución e funcionamento é un logro seu.

No ámbito de formación e estudo, as iniciativas do Consello contribuíron de forma moi sinalada a que exista, no ámbito das relacións laborais de Galicia, un grupo humano moi ben formado. Iniciativas como o Curso Superior de Relacións Laborais ao que o Consello logrou dotar dunha notoria estabilidade e dun estándar formativo de alto nivel, permiten manter un sistema de relacións laborais con equipos humanos formados e informados. A frecuente realización de Xornadas de estudo que o Consello realiza nos diversos territorios da Comunidade, sobre os temas máis interesantes, actuais e conflictivos das relacións laborais, permite e facilita non só o estudo, profundización e formación dos axentes implicados nas relacións laborais, senón que ademais achega as relacións laborais aos concernidos por elas, sexan ou non participantes activos e logran a visualización do sistema de alta calidade nas devanditas relacións que foi posible establecer mercé precisamente á actividade da Institución.

Creo que nos próximos anos o obxectivo a perseguir sería manter o sistema xa logrado ao redor da negociación colectiva, solución de conflitos colectivos, formación periódica e xornadas de estudo e estender tal vez o sistema de solución de conflitos aos conflitos individuais, quizais non mediante produtos específicos como o AGA, cuxo bo funcionamento no ámbito colectivo sería probablemente difícil de adaptar aos conflitos individuais, senón tentando a inserción de sistemas de autocomposición e mediación nos produtos da negociación colectiva, en materia de conflitos individuais, o que non só contribuiría a desconxestionar unha sobrecargada actividade xurisdiccional, senón tamén a unha mellor composición dos devanditos conflitos, que se percibe como moito máis satisfactoria para as partes cando se logra por acordo que cando se impón heterónomamente.

Carlos Domenech de Aspe

*Director Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia
Mediador e árbitro do AGA*

Desde a perspectiva de 25 anos de vida do Consello Galego de Relacións Laborais só caben, tanto institucional como persoalmente, expresións de recoñecemento por todo o que representa e significou durante este tempo a súa actividade, constituíndose no protagonista e único foro específico no mundo das relacións laborais en Galicia, abarcando múltiples facetas como centro de diálogo, punto de encontro e acordos dos axentes sociais, canle de participación na política laboral, canalizador e pacificador dos conflitos laborais, centro de formación e información laboral, potenciador da negociación de convenios colectivos e un moi longo etcétera que agora faría impensable concibir o desenvolvemento do mundo do traballo en Galicia sen a súa existencia.

É necesario recoñecer explicitamente a axuda e complemento que supuxo en todo momento para a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social que, como tal, participou constantemente nas actividades que desenvolve e viu, en moitas ocasións, facilitada a súa actuación pola consecución de acordos na vía do diálogo.

Permitíndome facer unha reflexión desde o punto de vista persoal como participante activo en moitas das actividades desenvolvidas polo Consello: mediador e árbitro no AGA, coautor do informe anual da situación sociolaboral de Galicia, integrante de xornadas, etc., e desde a nostalxia dos, pioneiros en España, Encontros Galegos de Relacións Laborais, de cuxa eficacia, resultado práctico persoal e profesional todos os participantes gardamos gratísimo recordo, é preciso agradecer todos estes logros a quen verdadeiramente contribuíron a levalos a cabo con total eficacia e éxito.

Por unha banda, todo iso foi posible pola dedicación e o traballo daqueles que durante a vida do Consello formaron parte do mesmo como representantes dos axentes sociais, que demostraron que, con vontade e pola vía do diálogo, pódese conseguir canalizar o desenvolvemento pacífico e consensuado das relacións laborais.

E, como exemplarizante, é preciso resaltar o esforzo, a abnegación, a ilusión e a amabilidade que manifestaron sempre os traballadores do Consello Galego de Relacións Laborais e que se reflectiu especificamente na figura dos Presidentes/as, todos eles xa amigos, que, durante todo este tempo, dirixírono e, con total eficacia e intelixencia, souberon constituílo no referente que hoxe supón no mundo do traballo.

Para todos eles debe ser reiterado o noso recoñecemento e agradecemento co desexo de que, continuando nesta liña, perpetúense as celebracións de aniversarios futuros.

Dende a perspectiva dun mediador - árbitro dos da primeira hora, do Acordo Galego de Solución de Conflitos, a miña valoración non pode ser outra que o recoñecemento máis expresivo a un instrumento dos axentes sociais que dende fai vinte e cinco anos leva aportando coas súas novidosas e intelixentes doutrinas e técnicas, un aire de modernidade e solucións ós naturais conflitos laborais, tantos puntuais da relación de traballo, como os propios da negociación colectiva. A virtualidade do instrumento de concertación, é o nivel de eficacia alcanzado ó longo destes vinte anos.

Por tanto, a reflexión positiva, ineludibelmente pasa por manter o AGA nos próximos anos como unha ferramenta de concertación e solucións, máis necesaria que nunca, por mor dos camiños elixidos polas reformas laborais dos últimos anos, nos que as empresas e para os traballadores, serán necesarios moitas veces os medios de solución en trámites de mediación, e no seu caso de arbitraje, áxiles, pegados ós problemas das partes, e que colaboren á desxudicialización das relacións laborais como un mecanismo de modernidade e fluidez do propio sistema xudicial.

Polo contrario, a única reflexión negativa podería ser a falta de chegada do AGA nalgúns sectores ou tipos de empresa. En medios estruturados, e ben organizados sindicalmente, o AGA funciona con naturalidade; mais noutros, aínda non se alcanzou un grado de integración do procedemento, ou un coñecemento suficiente desta eficaz, polos seus resultados, ferramenta. E desexar que nos próximos anos, adaptándonos ó devir dun dereito colectivo de traballo en crise e afectado polas graves circunstancias económicas, o AGA devén aínda máis nun instrumento de progreso pola súa esencia, para os empresarios e traballadores e os intereses de Galicia.

Non se pode rematar sen facer mención dunha cuestión esencial, como é o recoñecemento do traballo do persoal do Consello Galego de Relacións Laborais e do seu Servizo de Solución de Conflitos, que fixo posible o funcionamento do AGA nestes vinte anos pasados, e que tamén o será en todos os que virán.

Juan J. Ares Fernández

*Decano da Facultade de Relacións Laborais
da Universidade de Santiago de Compostela*

Cúmprense 25 anos da creación do Consello Galego de Relacións Laborais. Pertenzo a un centro universitario con idéntico nome, Facultade de Relacións Laborais, onde se imparte docencia e se investiga sobre o mercado de traballo, as relacións que del xorden e no que se abordan ás cuestións referentes aos recursos humanos. O Consello Galego de Relacións Laborais e a Facultade de Relacións Laborais inciden e forman parte do complexo poliedro que conforma un mercado, o de traballo, de características moi peculiares e cuxa estrutura e funcionamento é vital no desenvolvemento da sociedade na que vivimos.

No engrenaxe dun mercado tan complexo, foi de vital importancia, nos seus 25 anos de existencia, a labor mediadora, asesora e participativa en Galicia do Consello, tarefa que aínda ten máis senso nunha situación como a actual na que parecen racharse os tradicionais equilibrios entre as partes, cunha demanda de traballo moi debilitada.

No eido propio do noso centro universitario, o da formación e investigación nas relacións laborais e nos recursos humanos, mantivemos neste cuarto de século unha frutífera colaboración que, sen dúbida, afondaremos nos vindeiros anos. O Consello ten que seguir estando presente na vida deste Centro coas súas opinións e a súa colaboración técnica. Ambas institucións enriquecémonos e melloramos con esta simbiose.

A felicitación da nosa Facultade e a miña propia ao seu Presidente, D. Demetrio Fernández, aos seus predecesores e a toda esa gran familia que co seu esforzo e traballo fixeron posible, nestes 25 anos, que Galicia conte hoxe cun organismo, o Consello Galego de Relacións Laborais, imprescindible para alcanzar un maior entendemento entre os axentes sociais, mediar na negociación colectiva e, en definitiva, mellorar o funcionamento dun mercado de traballo que presenta, actualmente, serios desequilibrios.

Moisés Alberto García Núñez

Decano da Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade da Coruña (Campus de Esteiro – Ferrol)

Desde a Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade da Coruña, en primeiro lugar queremos transmitir ao Consello Galego de Relacións Laborais os nosos parabéns polo seu vinte e cinco aniversario.

Da importancia desta Institución e do seu bo facer, a nosa Facultade, o seu equipo decanal conxuntamente cos docentes, PAS e alumnado fomos e somos testemuñas.

Para as Ciencias Sociais e Xurídicas, o nacemento do Consello no verán de 1988, supuxo a creación dun organismo amplamente relacionado coa temática que se imparte nestas aulas, no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, o Mestrado en Xestión e Dirección Laboral (especialidade en RRHH) e o Mestrado en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns. A preocupación que mostrou desde os seus inicios o Consello coa formación universitaria da mostras palpables da súa implicación social, e da importancia que para este tivo e ten, aínda na situación de crise actual. A Facultade tivo a posibilidade de comprobar dita implicación a través das Xornadas de Actualización Laboral, promovidas polo Consello, que ano tras ano se veñen celebrando no noso Centro. Nelas fórmanse e actualízanse os nosos alumnos de Grao e de Mestrados, ademais dos nosos egresados que teñen unha cita coa nosa Facultade para a asistencia ás mesmas. Ao mesmo tempo os grupos de interese da sociedade en que está enmarcada a Facultade participan en gran número nas citadas Xornadas.

É sobradamente coñecido no eido xurídico laboral galego, o esforzo e o traballo realizado polo Consello para mellorar as relacións laborais na nosa Comunidade Autónoma. De especial importancia é o Acordo sobre solución extraxudicial de Conflitos Colectivos de Traballo (AGA), a través do cal se levaron a cabo un número importante de acordos que diminuíron de forma palpable a conflitividade laboral en Galicia.

Non podemos deixar de mencionar o Observatorio da Negociación Colectiva, que desde 2009, foi e é unha gran fonte de información para os profesionais do mundo laboral, e sobre todo, para os investigadores universitarios.

Para finalizar habemos de mencionar ao equipo humano que ao longo destes vinte e cinco anos dirixiu tan certeramente o Consello, ao cal debemos agradecer desde esta institución a súa colaboración e dispoñibilidade en todo momento. Que cumprades moitos máis e que sigamos estreitando os nosos afectuosos lazos de colaboración.

Mercedes Montes Rodríguez

*Directora da EU de RRLL de Lugo
(Fundación Campus Universitario de Lugo) da USC*

Dende a E.U. Relacións Laborais de Lugo queremos felicitar ao Consello Galego de Relacións Laborais polo seu vinte e cinco aniversario.

Para nos constitúe unha gran honra poder acompañar en tan importante data a todos os que integran e integraron ao longo destes vinte e cinco anos tan importante Institución, a todo o equipo humano que o integra e aos respectivos presidentes e secretarios que co seu esforzo e dedicación conseguiron que o Consello se convertera nun punto de referencia inigualable neste eido. Dende aquí queremos transmitir o noso agradecemento e recoñecemento máis sincero polo traballo ben feito ao longo deste cuarto de século.

Temos que destacar, necesariamente a colaboración fluída que sempre existiu entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a E.U. Relacións Laborais de Lugo, sempre en beneficio recíproco, sempre a prol de modernizar e dinamizar o mundo laboral.

Compre agradecer que nestes anos, o Consello organizara no noso Centro sucesivas Xornadas de actualización en materia laboral, que ano tras ano, danos a oportunidade de contar con profesionais de recoñecido prestixio dentro das relacións laborais e axúdannos no estudo, análise e reflexión de cuestións de actualidade laboral, algo que como escola con escaseza de recursos sería de difícil execución en solitario.

E para nós un verdadeiro pracer, e queremos deixar constancia diso, que o Consello empregue as nosas instalacións como sede para a celebración de xuntanzas do propio Organismo, así como para reunións de distintas mediacións levadas a cabo na nosa cidade, vincúlanos coa sociedade, vincúlanos coa realidade laboral, e supón un excelente punto de encontro entre a universidade e o mundo do traballo.

O Consello Galego de Relacións Laborais é para a Escola de Relacións Laborais de Lugo, (centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela) una peza mais, pero de capital importancia, no apoio permanente para todos os que estamos vinculados co eido laboral e máis concretamente, para os centros universitarios como o noso, onde se forman os futuros expertos nas relacións laborais do mañá.

Para un Centro Universitario especializado e centrado nas relacións laborais é de vital importancia o labor que ven desenrolando o Consello, por canto consolida e pon en práctica elementos, ensinanzas e dinámicas que tratamos de transmitir aos centos de alumnos e alumnas que pasan polo noso aulario.

Reflictese xa que logo como estratéxico para a realidade socioeconómica de Galicia a existencia dun organismo específico en materia laboral de carácter autónomo que satisfaga as necesidades do mundo empresarial e sindical e continúe desenvolvendo todo o seu potencial como canle de diálogo, colaboración, información, formación, ...

Desexamos polo tanto, que o Consello Galego de Relacións Laborais de Galicia cumpra moitos anos máis medrando en autonomía e ampliando as súas competencias, o cal será sinónimo de medrar en pautas e valores de democracia e independencia no eido laboral galego.

Despois de vinte e cinco anos de existencia o Consello Galego de Relacións Laborais ten acadado e ben definido un espazo de actuación no ámbito das relacións laborais en Galicia.

Como espazo de diálogo e concertación das organizacións sindicais e empresariais máis representativas considéroo imprescindible e xustifícase por sí mesmo dado o momento que estamos a vivir de intensa transformación das relacións laborais e de crecente conflictividade social.

Por outra parte o Consello promove e apoia a negociación colectiva e a promoción da igualdade. O meu xuízo o seu rol neste eido vai ocupar aínda máis relevancia debido ao efecto da primacía dos convenios de empresa, segundo as máis recentes reformas laborais, o que o converte nun órgano axeitado de referencia para as comisións negociadoras, na elaboración, interpretación e solución de conflitos extraxudiciais (por exemplo na páxina Web do Consello atopamos guías de boas prácticas, recomendacións, estudos, etc.).

A recentemente aprobada modificación do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo no seo do Consello Galego de Relacións Laborais pon de manifesto a satisfacción dos axentes sociais con este instrumento creado en 1992, e considera que o balance é positivo na resolución extraxudicial de conflitos colectivos; os datos a 31 de decembro de 2012 o confirman posto que dos máis de setecentos expedientes iniciados case que catrocentos remataron con acordo. Ademais destaco o incremento de expedientes iniciados que pasou dos 27 no ano 2002 ata os 75 ao rematar o 2012. Sen dúbida é un mecanismo plenamente aceptado polos axentes sociais como fórmula de xestión dos conflitos, sendo principalmente mérito dos mediadores e árbitros designados polo Consello ese alto grao de aceptación, dada a súa dedicación e profesionalidade, chegando a constituírse en verdadeira *autoritas*. Quizais sexa o momento de estudar, ordenar e sistematizar os laudos arbitrais ditados ata o momento para un mellor coñecemento do *corpus* arbitral por tódolos axentes e os profesionais.

Pero non quero deixar pasar este apartado sen referirme a disposición final desta modificación onde unha vez máis se aposta pola extensión do AGA á resolución extraxudicial de conflitos individuais, tema recorrente dende hai moitos anos e que foi obxecto de estudo nas magníficas xornadas organizadas polo Consello no Gran Hotel da Toxa. Dado o colapso da xurisdición social é preciso que se substitúa o modelo administrativo dos Servizos de Mediación, Arbitraje e Conciliación da Xunta de Galicia (SMAC) por un modelo máis eficaz como se propón neste documento. Oxalá que nesa tarefa o Consello conte para o seu proxecto coas cinco Escolas e Facultades Universitarias de Relacións Laborais de Galicia, onde temos acumulado coñecemento e experiencia suficiente para axudar nesa tarefa.

Ademais do Curso Superior de Relacións Laborais que xa vai pola XXIII edición, son moitas as xornadas e conferencias que organiza ao longo do ano o Consello Galego de Relacións Laborais sobre materias relevantes e de actualidade no eido das relacións laborais en toda Galicia. Tamén neste campo as Escolas e Facultades vimos colaborando estreitamente co Consello e agardamos poder seguir participando no debate social que tan acertadamente promove.

O informe sociolaboral de Galicia ou o Boletín da Negociación Colectiva recibímolos puntualmente no noso centro, a Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña, e é obxecto de análise e estudo por parte dos nosos estudantes, futuros profesionais do mundo das relacións laborais, como unha ferramenta de coñecemento das relacións Laborais en Galicia.

Finalmente agradecer ao Presidente don Consello Galego de Relacións Laborais, Don Demetrio Fernández López o seu empeño en prestixiar a institución e a súa permanente e estreita colaboración cos axentes sociais e coas nosas Escolas e Facultades de Relacións Laborais. Feliz aniversario.

Manuel Núñez Carreira

Presidente do Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo

Como de todos é ben coñecido O Consello Galego de Relacións Laborais, creado pola Lei do 12 de xullo de 1988, *é un órgano de diálogo e de encontro permanente entre confederacións sindicais e asociación empresariais*, así como un órgano consultivo e asesor da comunidade autónoma galega en materias sociolaborais que nace para dar resposta a unha demanda dos axentes económicos e sociais de Galicia en canto constitúe o único foro de participación institucional.

Para min a función por excelencia do CGRL é a de promover e facilitar a mediación e a arbitraje nos conflitos laborais, e sen lugar a dúbidas, a que mellor ven realizando dende os seus inicios.

Hoxe parece demostrado que os *mecanismos tradicionais de resolución de conflitos*, e dicir a vía xudicial, *non son suficientes*, é máis, eu diría que non son efectivos debido sobre todo a tardanza e os elevados custes, nos Xulgados do Social os procesos acumúlanse, son moitos, lentos e complexos.

Na actualidade, tendo en conta a situación económica, estamos ante un escenario conflictivo que esixe, ao meu modo de ver, unha *aposta firme e decidida pola negociación e o entendemento* entre empresas e traballadores.

Por outra banda debemos recordar que a reforma laboral do ano pasado pretende reconducir a negociación colectiva; pretende que sexa a empresa no único núcleo da negociación, feito que pode ser, nun inicio, complicado de materializar tendo en conta o tamaño das empresas españolas e máis aínda as da nosa comunidade, (a meirande parte son micro empresas que non teñen representantes dos traballadores). É por isto polo que considero que, *neste novo marco normativo*, órganos como o Consello Galego de Relacións laborais *poden xogar un papel fundamental*; facilitar o diálogo, efectuar propostas, recomendacións, quizais nun ámbito distinto ao que o viña facendo: a pequena e mediana empresa.

Para rematar non quero esquecer, aínda que so sexa nomear, algunha outra acción que o Consello desenvolveu nestes 25 anos: a *actividade formativa e de debate*, coa posta en marcha de cursos, seminarios e xornadas ou as *publicacións e os ditames* das que, nalgún momento, todos os profesionais do eido laboral botamos man.

Dende o meu punto de vista o Consello cumpriu con creces cos obxectivos polos que foi creado e de seguro o seguirá facendo moitos anos máis.

Susana Soneira Lema

Presidenta do Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense

Como presidenta e actuando en representación do Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, o cal ten unha moi estreita colaboración con esa Institución desde hai moitos anos ao estar o noso colectivo especializado inequivocamente nas Relacións Laborais, quixese felicitar á mesma pola labor desenvolvida tras 25 anos, dirixida especialmente a formar e informar aos dous grandes motores da actividade económica, como son os traballadores e os empresarios, sobre todo aos autónomos e pequenos propietarios de industrias e comercios, xeradores da maioría dos postos de traballo da nosa terra, Galicia.

Ao longo de 25 anos, todos os Presidentes desa Institución achegaron o seu gran de area para que tivese e teña o recoñecemento social e político, que neste momento dispénsaselle.

O Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense sabe perfectamente o esforzo que durante tantos anos fixose desde esa Institución para que se alcanzasen acordos entre os representantes sindicais e empresariais en aras a lograr consensos. O máis beneficiosos para ambas as partes e que estes puidesen ser asumidos sen causar maiores problemas ás economías dos alí representados. Tamén é certo que a tarefa desenvolvida no ámbito de informar ou emitir algún ditame sobre a lexislación laboral ditada polo Goberno da Xunta de Galicia foi en cada momento a precisa e non se puido chegar máis aló porque a competencia da propia administración autonómica está cernada pola falta de competencia plena no referente á lexislación laboral.

Quixese transmitir á dirección do Consello que os tempos que corren non son nada fáciles, nin para os empresarios nin para os traballadores. A crise que estamos a padecer na nosa Galicia, non teñen porque sufrila, atreveríame a dicir, os que tiveron menos culpa en que se chegase á situación na que nos atopamos, e, en consecuencia, que se asinen convenios con salarios por baixo do IPC, ademais de incrementar a xornada laboral. Son asuntos que entre todos deberíamos tratar de evitar nos anos sucesivos, así como recuperar o noso Estado de Benestar.

No Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense somos optimistas e estamos convencidos de que xa “tocamos” fondo, e en consecuencia desde todas as instancias deberemos ser esixentes cos nosos representantes políticos, para que se adopten as medidas acordadas para conseguir os obxectivos expostos.

Desexamos os Graduados Sociais colexiados que, nos próximos 25 anos, podamos cumprir as “vodas de ouro” do Consello Galego, porque sería tanto como recoñecer a gran e indispensable labor desa Institución no mundo das relacións laborais, no que ás veces é tan difícil conxugar os intereses dos asalariados e os empregadores, pero que están obrigados a entenderse polo seu propio interese e o da sociedade en xeral, e seguir colaborando como o vimos facendo na actualidade.

Co voso bo facer, facilidades aos profesionais que nos dedicamos a esta tarefa do asesoramento sociolaboral, o noso traballo, polo que queremos expresaros noso máis sincero agradecemento e felicitación.

M^a Teresa Rodríguez García

Presidenta do Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra

25 Anos dise fácil, nembargante é todo un logro, o certo é que, a vez que é motivo de celebración, non podemos evitar o preguntarnos polo futuro, nun momento especialmente complicado das relacións laborais no noso país, pero antes de entrar nese futuro, gustárame sinalar que o Consello Galego de Relacións Laborais foi un organismo pioneiro na busca activa de fórmulas novas para fomentar o entendemento entre as organizacións sindicais e empresariais da nosa comunidade autónoma.

Pódese dicir sen medo a confundirnos que estes momentos non se entenderían as relacións laborais en Galicia sen a existencia de aquel, é coñecido por todos os que vimos desenvolvendo a nasa actividade profesional no mundo do Dereito do Traballo, que o Consello converteuse no auténtico referente da participación institucional dos axentes sociais, dinamizando a actividade socio laboral.

Dentro das actividades que veñen desenvolvendo, teño que dicir que o Consello Galego de Relacións Laborais, moi acertadamente, busca a través de diversas actividades formativas, a fórmula a través da cal dá a coñecer os continuos cambios lexislativos que se veñen producindo, implicando en elo a profesionais, organizacións sindicais e empresariais. Algo que especialmente merece o noso agradecemento como Colexio profesional, fundamentalmente implicado coa formación dos nosos profesionais.

A tarefa de futuro do Consello Galego de Relacións Laborais, cando ven de cumprir vinte e cinco anos, é unha tarefa que ao meu entender están abordando día a día as persoas que o compoñen, en especial o seu Presidente, sabendo que o éxito de esta Institución depende da medida en que sexan capaces de responder á cambiante realidade social do noso entorno.

Germán Prieto-Puga Somoza

Graduado Social e Vicesecretario do CGCGSE

En primeiro lugar quero agradecerlle ao Consello Galego de Relacións Laborais e ao seu Presidente D. Demetrio Fernández López, a oportunidade que me da para dirixirme desde este foro a todos vostedes, coincidindo co vixésimo quinto aniversario da constitución de dito Consello.

Pola miña parte, e creo falar en nome dos moitos profesionais o mundo das relacións laborais da Comunidade Autónoma Galega, son coñecedor da labor desenvolvida polo Consello Galego de Relacións Laborais, durante todos estes anos, non só pola súa utilidade para solucionar ou evitar os conflitos colectivos, senón tamén para fomentar a estabilidade no diálogo entre os axentes sociais, conseguindo así, unha paz social que lles permitiu facer fronte aos distintos retos do mercado laboral.

Entre as súas competencias atopase o Sistema Extraxudicial de Solucións de Conflitos, mais coñecido como AGA, foi sempre unha alternativa ao procedemento xudicial, e converteuse nun instrumento idóneo para solucionar os conflitos de intereses, especialmente naqueles casos que por algún motivo producía un bloqueo nas negociacións, aproximando as distintas posicións e conseguindo uns resultados moi satisfactorios para tódalas partes en conflito.

Este ano o Consello Galego de Relacións Laborais ten un gran reto, xa que coa finalidade da ultraactividade dos convenios colectivos, producírase un maior deterioro das relacións entre empresarios e traballadores pola falta de acordos, o que levará ao Consello Galego a realizar un maior esforzo se cabe, para fomentar o diálogo, a mediación e a arbitrase.

De novo, envíolles os meus máis sinceros parabéns polos 25 anos da constitución do Consello Galego de Relacións Laborais, augurándolles grandes éxitos a esa Institución, que redundarán en beneficio aís da nosa Comunidade Autónoma.

Miguel Martínez Losada

Conselleiro de Traballo 1987-1990

Algunhas institucións públicas e singularmente as institucións de participación social son para un país capitais de utilidade pública que favorecen o desenvolvemento colectivo e a articulación social. Esta afirmación era sólida fai 25 anos e sigue séndoo na actualidade, mais se cabe.

Cando o Goberno tripartito asumiu as súas funcións na Xunta a metade da segunda lexislatura, xa no último trimestre de 1987, tiña a necesidade de non só gobernar senón de construír país, xa que a Autonomía de Galicia era feble e aínda o propio Estatuto de Autonomía estaba a desenvolverse; as primeiras transferencias en materia laboral recibíranse catro anos antes, en 1983,

A necesidade dun Consello de Relacións Laborais fundamentábase nas correntes internacionais que instaban e definían a necesidade de canles de encontro de carácter institucional entre as organizacións representativas dos traballadores e as dos empresarios para facilitar o diálogo e a adopción de acordos. Era urxente a posta en marcha das institucións participativas en materia de relacións laborais e tamén na entón chamada seguridade e hixiene no traballo, e era necesario facelo con rapidez xa que existía un atraso e a lexislatura estaba na súa metade.

Non era posible, por razóns de tempo, abrir un proceso formal de diálogo social e en poucas reunións directas entre a Consellería de Traballo e os secretarios xerais dos sindicatos e separadamente co presidente da CEG, definiuse a necesidade e a urxencia de crear o Consello Galego de Relacións Laborais como órgano bipartito e mesmo o seu contido.

Así, no mes de decembro, o Consello da Xunta de Galicia aprobaba o proxecto de Lei de creación do Consello de Relacións Laborais e remitido no mes de xaneiro para a súa tramitación ao Parlamento de Galicia, quen o aprobou en xuño de 1988, publicándose a Lei de creación do Consello Galego de Relacións Laborais no DOG do 26 de xullo de 1988, aos 10 meses logo da formación do goberno tripartito. Unha vez desenvoltas as necesarias actuacións administrativas, o Consello iniciaba a súa andaina con carácter formal en febreiro de 1989.

Era unha idea compartida por todas as organizacións, e por suposto polo propio Goberno Galego, que xurdirían dificultades nos primeiros anos propias da tarefa a desenvolver; estas dificultades sen dúbida existiron pero seguro que contribuíron a consolidación do proxecto. Quizais deberíamos mencionar aquí tamén a creación naqueles anos dos órganos de participación en seguridade e hixiene, concretamente o Consello Galego de Seguridade e Hixiene no Traballo, creado polo decreto 162/1988 de 9 de xuño.

Por outra banda pensando na evolución política e no desenvolvemento administrativo, a participación institucional das organizacións sindicais e patronais non se pode considerar como algo abstracto, xerador de debates xerais ou conceptuais senón que debe concretarse en accións concretas e mesmo na execución de funcións.

Os órganos ou institucións de participación social deberían desenvolverse asumindo tarefas de utilidade pública, funcións de xestión de asuntos relacionados co seu ámbito e

competencias delegadas ou encomendadas polas propias administracións mais alá da propia realidade da participación.

Unha ensinanza deste longo proceso e o diálogo social como método e a necesidade de manter a propia consolidación das institucións de participación como obxectivo. Consolidación que non debe entenderse como cuestión meramente formal, senón como definición de contidos, funcións e competencias. Galicia necesitaba entón, e segue a necesitar hoxe, que os seus empresarios e os seus traballadores se estruturen en organizacións non só fortes e representativas, senón que socialmente sexan consideradas como interlocutores válidos para a solución de problemas e ademais para a xestión de respostas de avance social.

Fernando R. Acuña Rúa

Conselleiro do Consello Galego de Relacións Laborais.
Exsecretario xeral da CXTG e da CIG

Teño para mín que nestes vintecinco anos, sen o CONSELLO, o percorrido das relacións laborais tería sido ben distinto. Cos erros e dificultades inherentes a toda obra humana, colectiva e tan diversa como esta é, o balance que hoxe podemos ofrecer á sociedade e en particular ao mundo do traballo, é fecundo e alentador. Volvendo a vista atrás, coido que é moito o avanzado no imprescindible diálogo entre as organizacións representativas do empresariado e as da clase traballadora. Ten moito mérito que o CONSELLO, vivindo nun eido intrinsecamente conflitivo e antagónico, teña acadado significarse como o lugar de encontro para debatir, acordar e resolver; ser valorado e recoñecido como recurso útil por todas as persoas implicadas e, o que resulta tanto ou máis importante, por todas as organizacións sociais representativas concitadas.

Un cuarto de século ¡nada menos!. E sentimentos contrapostos. Ledicia pola efeméride, mais preocupación e inquietude polo presente e o futuro. E é que resulta difícil evadirse desta realidade extraordinariamente dura, marcada polas agresións cotiáns ao pobo e ao tecido produtivo e económico nacional, espaxando desolación, empobrecemento e dor por todo o corpo social. *Austericidio* chámalle, coido que moi acertadamente. Mentres a pobreza atinxe xa a máis dun terzo da poboación, as estatísticas fachendeán co incremento do número e patrimonio das privilexiadas persoas millonarias.

Pero volvamos ao CONSELLO. Si, ás veces, mágoa que moitas menos das necesarias, os gobernos acertan: un acerto foi no seu día a creación do CONSELLO. Acertaron tamén nos intres en que foron quen de poñer en valor a súa utilidade *natural* e apoiaron o seu fortalecemento, superando desconfianzas, prexuízos e azos de instrumentalización, de subordinación ás urxencias políticas de cada intre. Quen confiamos na capacidade das xentes desta Terra para autogobernármonos, botamos en falta que dende o poder político galego non se aposte real e decididamente por explorar-impulsar as posibilidades de creación normativa legal que o marco xurídico-político estatal permite, pola vía da conclusión de acordos colectivos entre os interlocutores sociais na materia laboral, mentres o mantén vedado ás competencias autonómicas.

A fortuna ofreceume o privilexio de poder participar directamente no nacemento do CONSELLO e, máis tarde, o de que as peripecias do meu labor sindical leváranme a ter a honra de representar nél, dende hai un tempo, á miña organización, a CIG. Unha chea de vencellos, co CONSELLO e con persoas ás que grazas a iso teño por amigas, algunhas de xeito entrañable. Moitas vivencias gratas e inesquecibles. Eís outro activo do CONSELLO: propiciar algo tan doado, e tan difícil a un tempo, como coñecérmonos entre persoas que doutro xeito atoparíamonos en cadansúa *trincheira*.

Aludín antes ás preocupacións. Non é menor a de que prosperen certas *ocorrencias* que ten sido anunciadas. É unha franca insensatez a pretensión de reventar a arquitectura do CONSELLO coa forzada introdución dunha organización allea á vida bipartita deste organismo. Peor aínda, na vaga de adelgazamento da administración pública que nos asola, é errar estrepitosamente os tiros desvirtuar a natureza, utilidade e eficacia do CONSELLO, fusionandoo con outro organismo nun ensarillado de composición, funcións e competencias que desbordarían e deturparían o ámbito propio das relacións laborais. Errar os tiros porque se cercenaría un servizo público útil e de demostrada eficiencia, cando ademáis, a

coartada do aforro orzamentario é en realidade, neste caso, sinxelamente falsa.

Permitaseme desexar e, aínda que sexa inxenuamente, confiar en que alguén saiba rectificar a tempo. Seremos moitos e moitas quen llelo valoremos e recoñezamos. Porque para o País, para a modernización das relacións laborais, para o diálogo e a conxunción de esforzos e vontades no entendemento, será bó que sexamos quen de propiciar que outras persoas teñan a oportunidade de facer novo balance por volta dos cincuenta anos do CONSELLO.

Xan M^a Castro Paz

*Ex-secretario xeral do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia
e presidente da Fundación 10 de Marzo
Conselleiro do Consello Galego de Relacións Laborais 1988-2000*

En 1988, o ano de creación do Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL), xa transcorrerá unha década desde a aprobación da Constitución e, con ela, o paso fundamental cara ao establecemento das liberdades democráticas e a liquidación da ditadura franquista. Non obstante, cumpría unha consolidación e ampliación do marco legal democrático nos diversos ámbitos e materias, por suposto no terreo laboral e, por suposto, en Galicia. Era necesario contar cun órgano estable e permanente de encontro, debate e, se for o caso, acordos entre as organizacións empresariais e sindicais máis representativas de Galicia. A esta demanda dos axentes sociais respondeu en positivo o Parlamento galego coa aprobación da Lei de creación do Consello Galego de Relacións Laborais.

A continuación formalizouse a constitución do Consello coa participación das tres centrais sindicais máis representativas de Galicia (INTG, CXTG, UGT e CCOO) e da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG).

Teño un coñecemento directo das actividades do Consello porque fun nomeado vogal no pleno polo Sindicato Nacional de CCOO de Galicia e, despois, membro da Permanente, xa nos inicios da andaina do CGRL. Non resultou doada a posta en marcha do Consello nos primeiros anos; topamos en moitas ocasións con dificultades e trabas produto das inercias de tempos anteriores. Pero foise impoñendo a necesidade de lle dar vitalidade a un instrumento tan importante para o desenvolvemento e a modernización das relacións laborais. A comprensión, tanto das centrais sindicais —xa dende o principio— como da organización empresarial —algo despois— da utilidade dun órgano que contribuíse a lles dar saída aos inevitables conflitos e que promovese o diálogo e a negociación nos diversos niveis foi tamén finalmente recoñecida pola Administración, que achegou os medios necesarios para o funcionamento do Consello.

O CGRL foi gradualmente asumindo as competencias que tiña recoñecidas. En materia de formación, a través da organización anual do Curso Superior de Relacións Laborais e de diversos seminarios. En materia de estudos e información, con publicacións dedicadas á negociación colectiva e a diversos aspectos legais das relacións laborais.

A elaboración de informes e achegas para os diversos proxectos de normativa laboral foi outra actividade intensa e rigorosa, por desgraza con escasa receptividade por parte da Administración.

Pero tivo especial relevancia no papel desempeñado polo Consello o pulo á negociación e a aprobación do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA). Foi a articulación concreta, despois avalada pola súa utilización, dunha vía para lles dar saída aos conflitos (incluídos, por suposto, os existentes na negociación colectiva) pola vía da conciliación, a mediación e a arbitaxe.

Nun momento en que, por mor da recente reforma laboral, a negociación colectiva corre o perigo de experimentar un serio retroceso, sería desexable que o Consello seguisse desempeñando o seu papel de reforzar o diálogo e a negociación, a consecución de acordos equilibrados nos convenios colectivos.

Xesús Díaz Díaz

*Ex-secretario xeral do SN de CC.OO. de Galicia.
Membro da comisión negociadora do AGA 1992*

Cando se cumpren 25 anos do Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL) é tempo dabondo para facer unha valoración do traballo desenvolvido nestes anos. E, dende o meu punto de vista, esa valoración é positiva porque o CGRL tense convertido nunha institución útil para os interlocutores sociais e, por tanto, para os traballadores e empresarios.

Certo que as cousas poderían ter sido mellor si nalgunha ocasión non faltara altura de mira para avanzar aínda máis nas funcións do Consello. Estoume á referir a posibilidade real que tivemos de articular a solución extraxudicial dos conflitos individuais, despois do acordo entre os sindicatos e a CEG no ano 94, que, por razóns descoñecidas, esta organización volveu atrás. Serían as presións de Madrid? En todo caso a CEG impediu que Galicia se colocara á cabeza das relacións laborais dentro do estado.

Pois ben, 25 anos despois da constitución do CGRL, moito teñen mudado as relacións laborais e sociais: as reformas laborais dos gobernos do PSOE e o PP teñen colocado aos e as traballadoras nunha situación de debilidade extrema fronte á patronal. Ou dito doutra forma, as dúas reformas laborais dan o poder omnímodo aos empresarios e converten os dereitos constitucionais en papel mollado. Moitos traballadores pasan a ser case escravos.

E non é ningunha esaxeración: Cales son as condicións de traballo (salario, xornada, etc.) dos e das traballadoras inmersos na economía somerxida? Cales as condicións dos precarios sometidos en moitas ocasións á sobreexplotación de meros explotadores que violan sistematicamente a lei? Aí están as actas levantadas pola Inspección de Traballo para confirmalo: xornadas de 12 horas, que non se cobran, salarios inferiores ás do convenio, salarios en negro, etc.

Hoxe, o único sistema que impera no mundo é o sistema capitalista; por tanto, xa non ten ningún contrapeso que o obligue -como aconteceu en Europa despois da II Guerra Mundial- a manter salarios máis ou menos dignos e estados de benestar importantes. Non, hoxe o capitalismo ten as mans libres para agredir as e aos traballadores e tratar de eliminar as conquistas laborais e sociais que tantos anos e sacrificios custou conseguir. Para elo contan, ademais, coa inestimable colaboración dos gobernos da dereita e da mal chamada socialdemocracia que se converten en meros xestores ás ordes do sistema financeiro e as multinacionais que son realmente os que gobernan.

E mentres o sistema capitalista ten claro que estamos en plena loita de clases -Warren Buffet dixit- o sindicalismo de clase, desideoloxizado e despolitizado en moitos casos, é incapaz de escapar da pasividade en que está inmerso malia á capacidade real de mobilización de que dispoñen. Serían posible eses retrocesos si a Confederación Europea de Sindicatos (CES) puxera a súa capacidade de mobilización na defensa dos intereses dos traballadores? Estou convencido que non, pero a CES non ten vontade política de se mobilizar de forma real e efectiva.

En fin, non hai espazo nin este é o lugar para abordar en profundidade o que está a acontecer. Por elo quero rematar pedíndolle aos sindicatos que velen para que o CGRL siga a ser un organismo útil para os e as traballadoras. Intentos de devalualo por parte da Xunta do PP xa os houbo no pasado. Na voráxine actual de contrarreformas non me estrañaría que volveran a intentalo. Longa e fértil vida ao CGRL!

Antonio Fontenla Ramil

Presidente da Confederación de Empresarios da Coruña

Este ano cúmprese o 25 aniversario da creación do Consello Galego de Relacións Laborais, un órgano de participación institucional e de control e seguimento das relacións laborais; un espazo aberto de diálogo e concordia, de entendemento e de procura de consenso entre os protagonistas das cuestións laborais, os sindicatos e as organizacións empresariais, especialmente no que atingue á mellora e racionalización da negociación colectiva, a contratación laboral, a seguridade e maila saúde laboral.

Ao longo deste cuarto de século, o Consello, que sempre actuou con total autonomía e independencia no exercicio das súas funcións, foise consolidando como un referente no diálogo permanente, no acordo e na convivencia na procura do respecto polo interese e mailo ben común. E o fixo —e o fará— de xeito activo, reforzando así o seu papel de órgano consultivo, ao emitir ditames de indubidable interese sobre os proxectos normativos que atinguen ás relacións laborais, e ao desenvolver unha intensa actividade de fomento do debate social mediante a organización de cursos, xornadas e seminarios e a compilación editorial da súa actividade mediante numerosas publicacións.

O Consello desenvolve asemade un importante papel no que a mediación na negociación colectiva se refire, xa que exerce como árbitro indispensable na solución extraxudicial de conflitos colectivos.

A experiencia acumulada nas miñas relacións institucionais co Consello foi, é e será especialmente satisfactoria. E foino sempre, tanto nos meus inicios no ámbito asociativo empresarial a través das organizacións do sector construtivo, como, máis tarde, ao presidir as patronais coruñesa e galega.

Nese escenario de participación institucional, de debate e busca permanente de acordos tiveron unha salientable participación os sucesivos presidentes dunha institución que no futuro, sen dúbida, saberá manter a súa esencia.

Manuel Mera Sánchez

*Ex-secretario xeral da INTG
Conselleiro do Consello Galego de Relacións Laborais 1988-1994*

Coido que o Consello Galego de Relacións Laborais é un organismo que cumpre unha función importante como lugar de debate entre a patronal e as organizacións sindicais. E nalgúns ocasións, tamén como espazo para os acordos (aínda que sexan moi poucos). Fago esta afirmación malia recoñecer que o consenso é moi difícil, mesmo en aspectos moi básicos, neste período de axuste entre clases sociais e entre territorios. Un axuste que ten a finalidade de optimizar a obtención de lucro e a centralización e concentración de riqueza e poder. Mais, en calquera circunstancia, aínda na de maior confrontación, o intercambio de opinións nunca cae no baleiro, e a existencia dun marco de debate deixa abertas pontes para facilitar solucións a determinados conflitos ou evitar outros.

O CGRL é necesario, mesmo dende o convencemento, de que frear o recuar das condicións laborais e avanzar nunha mellora das mesmas dependerá no fundamental da mobilización da clase traballadora e dun cambio radical na correlación de forzas. Esta mudanza deberase dar tanto no ámbito social, como no político e institucional; e ter como obxectivo a ruptura co actual sistema capitalista e a obtención da soberanía para Galiza.

Tamén son dos que pensa que para os temas laborais cómpre un ámbito de reflexión e debate específico, polo carácter central do traballo no sistema económico e social. A problemática das relacións laborais non se debe diluír en organismos no que se traten outras moitas temáticas que, malia seren importantes, poden ter un carácter menos transversal e moi baixa capacidade mobilizadora ou que esta sexa conxuntural. É dicir, considero esencial que o Consello de Relacións Laborais se manteña como tal e se potencie no futuro, porque a cuestión laboral superará a actual fragmentación e será no futuro, como consecuencia da propia degradación das condicións de traballo, unha contradición moito máis forte; e polo tanto de confrontación social e política no país.

Xesús Mosquera Sueiro

*Ex-secretario xeral de UGT-Galicia e Presidente da Fundación Luis Tilve
Conselleiro do Consello Galego de Relacións Laborais 1988-1991*

Na primavera de 1988 o Parlamento de Galicia iniciaba os debates que darían lugar o nacemento do Consello Galego de Relacións Laborais, mediante a Lei /1988 de 12 de xullo. Dende facía anos as organizacións sindicais viñan protagonizando intensas mobilizacións e folgas motivadas, sobre todo, pola reconversión industrial, de gravísimo impacto no sector naval galego, con especial repercusión nas comarcas de Ferrol e Vigo.

Facía nove anos que gobernaba en Inglaterra Margaret Thatcher, e oito que Ronald Reagan o viña facendo nos Estados Unidos. A revolución neoliberal conservadora estaba no seu apoxeo no Reino Unido, pero chegaba tamén ós círculos económicos e ás universidades do resto de Europa. Thatcher reduciu á metade o sector público, suprimiu subsidios, rebaixou salarios, pechou empresas, privatizou servizos públicos e propúxose o debilitamento dos sindicatos británicos, impulsando a precariedade laboral e os baixos salarios como medidas para recuperar a economía e competir cos emerxentes sectores industriais asiáticos. O tándem Thatcher – Reagan estendeu por todo o planeta os principios da súa revolución neoliberal. En lugar de facer chegar ó resto do mundo os dereitos laborais e o modelo social europeo, tratábase do contrario, de implantar progresivamente en Europa o modelo de traballo precario e sen dereitos de Asia.

Naquel ano de 1988 accedía a presidencia da URSS Mijail Gorbachov que, dende a súa condición de Secretario Xeral do Partido Comunista da Unión Soviética, viña impulsando profundas reformas da economía, da política e da cultura. O 9 de novembro de 1989 comezaba a demolición do muro de Berlín, e no mes seguinte caía o réxime comunista da República Democrática Alemá. Visualizábase o principio do fin do Bloque Soviético. Mijail Gorbachov recibiría en 1990 o Premio Nobel da Paz.

O tándem Thatcher – Reagan alcanzaba así un obxectivo estratéxico fundamental: A derrota da URSS. A partir de aí a extensión por todo o planeta dos principios da súa revolución neoliberal conservadora, e a conseguinte reforma/destrución do modelo social europeo creado tralo fin da Segunda Guerra Mundial, converteuse nunha tarefa moito máis fácil. Un modelo chamado “Estado de Benestar”, creado para facer fronte os desastres da guerra, pero tamén de contrapunto e propaganda fronte o modelo soviético e comunista exemplificado, naquelas anos, nas dúas alemás que separaba o Muro de Berlín. Este contexto internacional condicionou, de xeito determinante, as relacións laborais en países como España e, por conseguinte, a actividade do Consello Galego de Relacións Laborais ó longo destes anos.

Baixo a premisa de “máis mercado e menos estado” e co soporte das grandes institucións económico financeiras internacionais, o modelo económico social existente en España estivo sometido sempre a esixencia externa de reformas sucesivas para “mellorar a competitividade” (salarios, contratos de traballo, indemnizacións por despido, subsidios por desemprego, pensións, prestacións da seguridade social, modelo e estrutura da negociación colectiva, etc.). Sería coa coartada desta última crise cando, a partir do 2010, estoupase a situación, coas graves consecuencias que coñecemos. Resulta evidente que se cometeron erros e fallos graves, que se evidenciaron importantes carencias e incompetencias propias, pero tamén e sobre todo, que foi a ofensiva do capitalismo internacional co seu inmenso poder económico, político e mediático quen, coa crise como pretexto, impuxo os recortes e as reformas.

As consecuencias desta política, mal chamada de austeridade, son demoledoras: cifras de paro dramáticas, despido fácil e barato, a precariedade laboral como norma, a negociación colectiva desactivada, debilitados os sindicatos e ameazados os piares básicos do Estado do Benestar: educación, sanidade, pensións, servizos sociais, vivenda e incluso a xustiza. Unha realidade desoladora para as clases traballadoras. Nin sequera en soños se chegaron a imaxinar os máis radicais e intransixentes dos dirixentes empresariais un panorama no que, de golpe, se visen cumpridas e incluso superadas, as súas máis extremistas demandas.

Claro que, ben pensado, sendo moi duro este panorama para os traballadores, non o esta sendo menos para os empresarios, miles deles desaparecidos ou arruinados, e as elites empresariais galegas sumidas no descrédito, desprazadas e relevadas do seu papel, cando non imputadas por graves delitos económicos. As principais empresas, malvendidas a inversores estranxeiros que unicamente deixan en Galicia o gasto duns salarios cada vez máis baixos, e cuns impostos cada vez máis fáciles de evadir.

Qué nos queda? Ós sindicatos continuar a loita, aprender da experiencia e seguramente perfilar estratexias novas máis eficaces. Ós traballadores non esquecer que, sendo imprescindible o esforzo individual, a solución ós problemas que sufrimos terá que ser colectiva ou non será, e que lonxe de abandonar a política, como queren os que nos explotan, se comprometan a fondo con ela. Ós empresarios que aprendan a lección e non esquezan que un país socialmente equilibrado, con servizos públicos eficientes e alcanzables para todos, cunha fiscalidade xusta, con dereitos no traballo, con coberturas sociais suficientes, lonxe de ser negativo para as empresas, é o mellor dos escenarios posibles.

Para o Consello Galego de Relacións Laborais, moito agradecemento polo seu magnífico e complicado traballo ó longo destes anos, moito ánimo e o desexo de longa vida e acerto diante do difícil panorama que temos por diante.

Javier García Ruíz

*Membro do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais
e Negociador de Convenios Colectivos
Conselleiro do Consello Galego de Relacións Laborais*

Pídeme o Presidente unhas reflexións ao fio do 25 aniversario da creación de CGRL.

Necesito todos os dedos dunha man, e non me sobra ningún, para enumerar as razóns por calquera das cales considero ao Consello como unha institución imprescindible para o mundo do Traballo e da Empresa en Galicia.

Así, serían inconcibibles as relacións laborais en Galicia sen o AGA, o noso sistema propio de solución extraxudicial de conflitos. Trátase dun instrumento que, como é ben sabido, resultou pioneiro na súa concepción e mostrou a súa eficacia na solución de conflitos colectivos e, esperamos, móstrea tamén na solución dos individuais cando poida resultar operativo o AGA II.

Non menos importante foi o papel do Consello no intercambio de información, na divulgación de novidades normativas a través de mesas de debate, conferencias e cursos -aí está o Master de RRLL- sen que deba esquecerse a experiencia, única en España, que representaron os ¿agora definitivamente desaparecidos? “Encontros da Toxa”.

Resulta tamén sumamente importante o impulso á negociación colectiva e o labor de racionalización da mesma levada a cabo desde o “Observatorio da Negociación Colectiva de Galicia”.

Sen esquecernos da inxente tarefa de análise previa e crítica construtiva da normativa de carácter laboral levada a cabo polos membros da Comisión de Ditames.

Por último, que dicir do Consello como punto de encontro dos axentes sociais?... Neste foro coincidimos, ao longo de 25 anos, e aquí tócame persoalmente a fibra afectiva porque estiven aí estes últimos 25 anos, máis dun centenar de persoas -Representantes de Traballadores e Empresarios, Titulares da Presidencia e a Secretaría do Consello, Funcionarios responsables da operativa do AGA, Mediadores e Árbitros-, cuxa única preocupación foi resolver -cada un desde a súa óptica, pero sempre desde o máximo respecto- a problemática sociolaboral de Galicia.

Podería seguir cantando as excelencias do CGRL, pero en aras á brevidade, tan só quédame desexar para a Institución polo menos outros 25 anos de proveitosa vida ao servizo -en definitiva- de Galicia.

En primeiro lugar, as miñas felicitacións ao Consello Galego de Relacións Laborais no seu vinte e cinco aniversario. Non só á institución, senón a cada unha das persoas que formaron e forman parte do mesmo, con algunhas das cales tiveron o pracer de compartir actividades e manter especial afecto. Grazas ao seu esforzo, podemos congratularnos de contar cun organismo onde prevalecen o intercambio de ideas e a deliberación, así como a concordia e o consenso. Valores que hoxe máis que nunca deberíamos ter presentes.

Moitos cambios producíronse nestes vinte e cinco anos. Só hai que botar a vista atrás para lembrar o ambiente no que se deron os primeiros pasos do Consello. Anos de grandes conflitos, cunha importante crise económica como pano de fondo e a necesidade de grandes cambios, cimentos do actual modelo de Estado e do sistema de relacións laborais no noso país. Opinións e posicións de partida contrapostas entre os axentes sociais, aínda que a dialéctica e o compromiso das partes permitiron alcanzar destacados acordos.

Coinciden eses anos coa miña incorporación á Confederación de Empresarios de Galicia, o que me permitiu coñecer o quefacer do Consello e participar en diferentes accións formativas ao longo da miña carreira profesional. Así, o Curso Superior de Relacións Laborais foi a miña porta de entrada ao mundo do dereito laboral, pero, sobre todo, grazas a el tiveron o privilexio de recibir leccións (nunca mellor dito) e coñecer aos seus verdadeiros protagonistas: empresarios e traballadores, así como ao persoal das organizacións empresariais e sindicais de Galicia, ás que acababa de sumarme. Un mundo novo para min por aquel entón, onde uns docentes excepcionais, ademais de impartir contidos académicos, deron paso a discusións especialmente enriquecedoras, que me achegaron coñecementos, argumentos, razóns e algunhas respostas.

A formación que recibín a partir de entón foi máis específica e, sen dúbida, mellorou as miñas competencias profesionais. De novo, o bo facer dos formadores foi destacable, pero a concordia entre os asistentes, a capacidade de escoita ou o bo ambiente de traballo foron os principais protagonistas das distintas sesións e o que as fixo especialmente proveitosas.

O fío condutor de todas estas actividades e a súa principal achega para min foi o que de bo ten o deliberar. Un método xa empregado por Aristóteles e que consiste basicamente en ter en conta as razóns achegadas polos outros, o que cobra especial actualidade nos momentos que nos toca vivir, cando a sociedade aférrase demasiadas veces ás leis e ás normas para decidir sobre todo. O procedemento da deliberación parte da base de que se poden achegar razóns, pero estas nunca son absolutas. Os outros tamén poden ter as súas razóns, de maneira que se eu escoito ao outro, podemos avanzar no noso mutuo coñecemento dos temas en discusión.

Coñezo as dificultades das organizacións e o seu funcionamento sempre é mellorable. Pero hoxe máis que nunca convén promover un diálogo serio, sereno e respectuoso entre todas as partes, tamén no campo das relacións laborais, que nos permita mellorar a actual situación. E esa é a base, xa consolidada nos seus vinte e cinco anos de traballo, para o futuro do Consello Galego de Relacións Laborais. A pesar de que os problemas económicos parecen recomendar ás veces criterios de eficacia para sobrevivir, necesítase o diálogo e extremar a cautela, para non deixarnos levar pola necesidade ou a urxencia. É necesario

tomar a ben o pluralismo e a discrepancia, saber escoitar ao que pensa diferente, sen entrar na descualificación ou o enfrontamento persoal e onde as ideas cobren valor pola consistencia e solidez dos seus argumentos.

Defender que a diferenza enriquece e promover a procura do encontro non está de moda, pero o diálogo debe prevalecer nuns momentos onde a incerteza e, demasiadas veces, o desánimo están máis presentes que nunca. Por tanto, unha institución como o Consello Galego de Relacións Laborais resulta máis esencial que nunca, para optimizar as relacións laborais e, por extensión, mellorar a sociedade do futuro.

M^a Jesús Díaz Lorenzana

*Funcionaria do Consello Galego de Relacións Laborais
Secretaria do Curso Superior de Relacións Laborais*

Dende a miña visión directa e cotiá como traballadora do Consello Galego de Relacións Laborais destacaríaa, sobre todo, a neutralidade e imparcialidade, así como o profundo respecto, cara ás distintas ideas e opinións das organizacións que o integran e das diferentes persoas que representan a estas no Consello.

Creo que hai poucas entidades ou organizacións como o Consello onde realmente este se constitúe como a suma equitativa e equilibrada dos seus compoñentes e iso lle engade un carácter eminentemente participativo e fai que se configure como un órgano imprescindible para a modernización das relacións laborais no noso país.

Destacaríaa tamén o exercicio de responsabilidade social que realizan as persoas e organizacións que integran o Consello para acadar puntos de encontro e o consenso en materias do eido laboral que en principio parecen insalvables.

Igualmente é de destacar o labor que se realiza dende o Consello a través das súas xornadas na divulgación da información sobre todas as cuestións sociolaborais de actualidade que se dirixen tanto ás organizacións sindicais e empresariais, a profesionais como a calquera persoa que estea interesada nos temas que se debaten.

Máis importante, aínda, é a actividade do Consello dirixida á formación de cadros sindicais e empresariais organizando cursos e seminarios co obxectivo de facilitarlles o coñecemento de ferramentas útiles e dotarlles das técnicas e as estratexias necesarias que lles axuden no seu labor diario.

Outra actividade formativa desenvolvida polo Consello é a formación de especialistas en todas as materias relacionadas co mundo do traballo, obxectivo que acada coa organización e desenvolvemento do Curso Superior de Relacións Laborais que en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela leva realizando 23 anos consecutivos.

Subliñar, así mesmo, o apoio ás comisións paritarias e negociadoras dos convenios colectivos aos que se destinan tanto os recursos humanos como materiais necesarios para facilitar a súa práctica e deste xeito colaborar no afianzamento dun sistema de relacións laborais baseado na negociación.

Mención aparte merece o esforzo que se realiza dende o Consello a prol da solución dos conflitos colectivos en Galicia apostando firmemente pola negociación, o entendemento e o acordo das partes en conflito a través do AGA que, dende o Consello Galego de Relacións Laborais, se concibe como unha alternativa á vía xudicial máis próxima e máis satisfactoria para as persoas traballadoras e para as empresas.

Centrándome na miña experiencia persoal durante os anos que levo traballando no Consello Galego de Relacións gustárame engadir que esta foi a experiencia máis enriquecedora da miña vida laboral grazas á calidade profesional e humana das persoas coas que compartín o meu quefacer diario ao longo destes anos, persoas para as que tan só teño palabras de agradecemento.

Finalmente, tamén quero destacar que o traballo diario no Consello permitíume participar e ser testemuña da capacidade, do esforzo e da dedicación que as persoas que traballan no Consello, así como as persoas das organizacións sindicais e empresariais, poñen no desempeño do seu labor, de todos eles aprendín algo e a todos eles lles quero dar o meu agradecemento pola súa axuda, o seu compañeirismo e a súa amizade.

Xavier Estévez Montoto

Actor e membro da Asociación de Actores e Actrices de Galicia

Eu non son sindicalista, non son empresario, nin teño un cargo público vinculado con ningún organismo que xestione en modo algún as relacións laborais, sen embargo son un claro beneficiario da existencia e da admirable xestión do Consello Galego de Relación Laborais que nestes longos 25 anos se ten feito. Son actor, e aló polos anos noventa do século pasado (así dito soa mais solemne) algún atolados da nosa profesión, pensamos que sería bo, ou mais ben imprescindible, establecer un marco de entendemento entre os/as profesionais do teatro galego e as incipientes, pero prometedoras empresas de teatro do noso país. Unha vez metidos en fariña, o protocolo mandaba establecer contacto con o CGRL, eles ocuparíanse da mediación entre as partes. De entrada isto asustounos un pouco, pero ao pouco descubrimos que se trataba dunha peza fundamental, xa que a única mediación que coñeciamos hasta o momento para dirimir as nosas diferenzas era a mesa dun bar. Nese primeiro intento houbo que parar o proceso, xa que a parte empresarial viña de disolver a recentemente creada asociación que os unía. Foi anos despois cando outra vez os mesmos tolos/as e algúns outros retomamos o tema, e desta volta a parte empresarial estaba convencida ao igual que nós da necesidade dun Convenio Colectivo. A partir dese momento podemos afirmar con rotundidade que o traballo do Consello Galego de Relacións Laborais, e, nomeadamente, o traballo do seu Presidente Demetrio Fernández foi exhaustivo, ecuánime, imprescindible e, como mínimo, extraordinario. Acadamos un acordo, e foi grazas a unha labor de escoita, busca de solucións, entendemento, aproximación de posicións, e algo moi significativo: humildade e interese por achegarse o mais posible á nosa realidade (compañías de teatro e actores/actrices) para, desde o coñecemento poder ocupar unha posición central, tanto na consecución da sinatura do convenio colectivo, como na posterior comisión paritaria. Gustaríanos moito poder falar así de todas as institucións, especialmente das vinculadas co noso sector, pero non podemos, o teatro galego está morrendo, e son, precisamente aqueles/as que non teñen responsabilidade directa sobre o mesmo, os/as que mais coidan del. Sería un magnífico exemplo de bo facer para outros organismos das Administracións Públicas o traballo deste Consello Galego de Relación Laborais. Vaia, pois, desde aquí a nosa mais sincera felicitación por ese traballo, e estes 25 anos cargados de compromiso, e esperanza, e que nunca ninguén caía na tentación de quitarlle valor á negociación colectiva como vía de consenso, e os que xa o fixeron, que rectifiquen, xa que como dicía o meu admirado Quino (autor de Mafalda): “Sin todos ninguno somos nada”. Felicidades e a polos próximos 100 anos.

Sonia Fernández Patiño

*Ex-membro da Comisión Consultiva para a Igualdade de Mulleres e Homes na Negociación Colectiva Galega
Asesora de igualdade*

Benqueridos/as amigos/as:

Se por norma xeral cando nos piden que falemos de algo ou de alguén, empregamos adxectivos que nos permitan describir e achegar aos demais a imaxe que nós temos, cando se me pregunta polo Consello Galego de Relacións Laborais as palabras autonomía, diálogo, garantías, avance... son algunha das moitas que me veñen á cabeza despois de ter participado e traballado no seu marco ao longo de case cinco anos.

Neste tempo, puiden asistir a cambios constantes na lexislación de referencia, observei cómo foi mudando a súa aplicación práctica nas empresas e fun testemuña da importancia dos traballos desenvolvidos polo CGRL como garantes das relacións laborais no noso país.

Para que non coñeza destes traballos, convidolle e achegarse a un organismo no que o diálogo social entre empresarios e sindicatos, non se ve interrompido por intereses particulares e/ou partidistas.

Un espazo no que as relacións laborais seguen a ser prioritarias, se apoia á negociación colectiva e no que se segue apostando pola solución autónoma de conflitos.

Un marco este, no que a lexislación autonómica en materia laboral se analiza e completa dende unha perspectiva social, a través do Comité de Dítames, e no que a Comisión para a Igualdade de mulleres e homes, se encarga de imprimirlle á negociación colectiva unha perspectiva de xénero.

Un referente de coñecemento, a través do seu Observatorio, con guías, estudos socio-laborais, estatísticas actualizadas ou informes específicos que nos achegan cada día a realidade das relacións laborais na nosa Comunidade. Un CGRL conectado “ao saber”, a través de cursos propios ou da man da nosa Universidade, co único fin de seguir formándonos no eido das relacións laborais.

Convidovos así, a coñecer un organismo aberto, no que a dirección e todo o seu persoal destacan pola súa profesionalidade, mediación entre as partes, competencias técnicas... pero sobre todo, polo seu compañeirismo e traballo en equipo (ese que che imprimen dende o primeiro día que traballas con eles).

Por todo isto e polo que levo dentro (froito da experiencia de formar parte deste CGRL) me gustaría asistir a 25 anos máis! Tempo no que agardo que o CGRL manteña a súa natureza de máximo órgano consultivo e asesor da Xunta de Galicia, con carácter independente, con personalidade xurídica e capacidade de obrar, e como non, como órgano de diálogo institucional entre os axentes sociais galegos. Isto é o meu gran desexo, e esta a miña humilde contribución:

Grazas ao CGRL, a todos e todas os que seguides impulsando na nosa Comunidade un marco de relacións laborais con referentes claves, exemplo de avance, modernidade e traballo ben feito! a pesar dos moitos atrancos.

O Consello Galego de Relacións Laborais é, por definición, o máximo órgano consultivo da Xunta de Galicia na súa política laboral. Dende a Unión Xeral de Traballadores (UGT), en liña coa nosa organización confederal, vimos defendendo, dende sempre, as vías do diálogo, da negociación e do acordo entre os diferentes axentes sociais como ferramenta imprescindible para avanzar no crecemento económico, a creación de emprego e o benestar social en Galicia.

Defendemos, en primeiro lugar, as vías do diálogo, a negociación e o acordo entre os axentes sociais sempre e en calquera circunstancia. A experiencia nos di que as ditas vías son as máis necesarias; facéndose case que imprescindíbeis en conxunturas como a actual. Estamos a vivir unha forte crise económica que reflicte unha situación de recesión económica prolongada con unha elevada taxa de paro, unha precarización dos empregos, unha baixada xeneralizada dos salarios, un deterioro das relacións laborais e un intenso retroceso social. Neste marco e cando o diálogo social, a negociación colectiva e os acordos entre os axentes sociais non atravesan, dende a perspectiva das traballadoras e traballadores, o mellor momento. O motivo, todo hai que dicilo, atópase nas duras políticas de axuste fiscal e desregulamentación laboral que, de xeito unilateral, están impoñendo os gobernos español e galego co apoio decido da clase empresarial -ou cando menos dun sector moi relevante e poderoso da mesma-. Nesta conxuntura, sen dúbida, é cando aparece como máis preciso e importante o protagonismo do Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL) tal como foi concibido.

O Consello Galego de Relacións Laborais que cumpre 25 anos de existencia, apareceu na vida laboral galega coa intención de seren un “órgano consultivo que, entre outras actividades, fomenta o diálogo social.... apoia a negociación colectiva, procura a solución extraxudicial dos conflitos laborais... para o que tenta seren a casa común, un punto de encontro entres os axentes sociais.... que ten vocación de utilidade pública”.

Así concibido na súa creación non resulta alleo, que a nasa organización, a UGT teña sido un suxeito activo, moi activo, da dinámica deste CGRL. Feito que se pode comprobar, tanto nas propias actas do CGRL como na mesma actividade sindical. Este sindicato, sempre tendo como norte o diálogo social, a negociación e o acordo entre os axentes sociais, ven senda tanto un defensor do papel do CGRL no mundo laboral galego como da necesidade da súa potenciación.

Nun momento laboral, social e político tan difícil como o actual en comarcas como a nasa, Ferrolterra. Nun momento marcado, por unha banda, por actuacións gobernamentais tan duras, discriminatorias e inxustas coas clases traballadoras e, pola nutra, cun sector do empresariado máis interesado en facer desaparecer o diálogo, a negociación colectiva, os dereitos laborais e o benestar social, que en procurar un crecemento económico menos desigual e con un reparto mais equitativo tanto dos custos como dos beneficios. Nun momento así, compre reclamar, e ao tempo apoiar, o protagonismo daquelas instancias e órganos que, como o Consello Galego de Relacións Laborais, teñen como unha das súas funcións, e tamén dos seus obxectivos: o diálogo social, a negociación froito do debate e a solución extraxudicial dos conflitos.

Elementos,todos eles,que en definitiva,son unha base imprescindible para o crecemento económico,a creación de emprego e o desenvolvemento social. Enmarcados na vocación de utilidade pública, tan denostada nesta coxuntura. Así mesmo, este marco e non outro debe ser a base común de tódolos axentes sociais galegos e tamén a do propio goberno autonómico.

Pero para que se de este protagonismo non é suficiente coa vontade dunha das partes -neste caso a das centrais sindicais- senón que ten ser unha vontade de todos -tamén da clase empresarial e do goberno autonómico-. Soamente se todas as partes implicadas e afectadas polas relacións laborais apostamos polo diálogo social este será posible e sinalará o marco idóneo, ao Consello Galego de Relacións Laborais, como órgano de gran importancia e utilidade. En consecuencia, dende a UGT queremos eloxiar o seu traballo ao longo da súa traxectoria durante estes 25 anos e poñelo en valor, desexando neste aniversario que podamos celebrar xuntas e xuntos moitos máis.

Moito cambiaron as relacións laborais, e a negociación colectiva, no noso país nos últimos 25 anos, tanto como as modificacións que todos e cada un dos partidos que chegaron ó Goberno fixeron na lexislación laboral. Todos estes cambios foron vivíndose dunha ou outra maneira no Consello Galego de Relacións Laborais sempre co obxectivo de buscar un punto de encontro entre os diferentes actores das relacións laborais, nun traballo sen descanso con diferentes persoas á fronte e tamén nas tarefas de apoio que viron e quixeron que isto fose a casa onde o conflito laboral atopase canles para a aproximación das partes como así ocorreu na maioría dos casos.

A miña participación en diferentes solucións, ou busca de solucións, de conflitos no ámbito do Consello ensinóme a facerlle fronte ás negociacións e tamén que cada vez que alguén se pon nesta disposición dáse conta de que paga a pena seguir traballando para manter este espazo como lugar de entendemento entre empresarios e traballadores.

Non podo esquecer algúns dos convenios que se abordaron no seo do Consello e que incidiron nas relacións laborais no meu ámbito de traballo. Nun caso por non poder acadar un acordo, o que trouxo negativas consecuencias para as persoas que traballan no sector, e noutro por alcanzar un acordo que favoreceu que hoxe teñamos un sector regulado.

O primeiro dentro dese sector primario tan importante na nosa economía era da pesca. Foi o Consello o que nos animou a sentarnos ós sindicatos e á representación dos armadores para intentar cerrar un convenio que regulase as relacións laborais na pesca. Non quero nin tería espazo para poder poñer neste folio todo o camiño que percorremos, sempre animados polo consello, intentando alcanzar o acordo. Pero foi imposible. A culpa tivémola só as partes, porque o Consello ao terminar as reunións animábanos a poñer data para a seguinte, así sempre durante preto de 5 anos. E non só iso senón que sempre facilitaba que nos atopáramos cómodos, que o noso traballo fora máis fácil para camiñar cara un acordo que as partes non fomos quen de lograr.

Outro conflito, pero no sentido contrario, foi o de ambulancias, un convenio cunha repercusión importante nas relacións laborais de Galicia por tratarse dun convenio autonómico pero tamén porque é un exemplo para outras comunidades. Neste convenio foi moi difícil chegar ó acordo, houbo moitas xornadas de folga, as relacións entre patronal e sindicatos rompéronse moitas veces e aí foi onde o papel do Consello tomou forza e cos mediadores que puxo ó dispor dos negociadores, conseguíuse un acordo que permite que hoxe podamos dicir con orgullo que Galicia é pioneira cun convenio por encima do de mínimos nacido a raíz da desaparición das ordenanzas laborais. Iso conséguese con organismos como o Consello que dan forma as reivindicacións dun colectivo de traballadores e traballadoras que prestan un servizo a cidadanía.

Por todo elo, só cabe agradecer ó persoal e as persoas que pasaron pola presidencia e secretaría do Consello, no meu nome e no dos traballadores e traballadoras dos sectores do meu ámbito, a su dispoñibilidade e capacidade para levarnos ao entendemento, ó que debe ser unas relacións laborais.

Anxo Noceda Carballo

*Secretario xeral da Unión Comarcal da CIG en Santiago de Compostela
Usuario do AGA*

Como ben salientades no voso escrito, os eidos de actuación do Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL) van dende a formación en materia laboral, pasando polo apoio á negociación colectiva, a xeración de foros de debate social, ata a solución extraxudicial de conflitos. É neste último eido, a solución extraxudicial de conflitos colectivos (AGA), no que mantiven a miña máis directa relación co CGRL, e neste punto non podo deixar de facer unha valoración altamente positiva do que foi/é a implicación do Consello na posta en marcha dos mecanismos de mediación conducentes á procura de solucións aos conflitos laborais. Dito doutro xeito, o CGRL -cando menos na miña experiencia- non se conformou con se comportar como un mero observador ou con se limitar a desenvolver os trámites administrativo-burocráticos, senón que, pola contra, e sempre que foi requirida a súa intermediación, fíxoo cunha moi alta implicación, o que permitiu que na maioría dos casos se desenvolvesen os procedementos establecidos no AGA.

Se algunha cuestión teño botado de menos é que se lle teña dotado ao CGRL de máis forza legal para requirir ás partes -cando así o solicite algunha delas- o estrito cumprimento das cláusulas dos convenios colectivos que recollen o sometemento dos chamados "axentes sociais" aos procedementos do AGA.

Non quero, tampouco, deixar de lembrar o que para min é un dos papeis máis importantes que debера de asumir o CGRL, que non é outro que o de contribuír ao desenvolvemento dun auténtico MARCO GALEGO de RELACIÓNS LABORAIS (M.G.R.L.), eido no que desgraciadamente, e máis ala de xerar un foro de debate permanente, temos que recoñecer que non se teñen acadado grandes avances (certo é que en moitas ocasións os atrancos impostos polos gobernos existentes tampouco o permitiron).

Neste senso e no camiño da construción de M.G.R.L. quixera lembrar a urxente necesidade da posta en marcha do chamado AGA II, ou a máis que urxente e necesaria designación polo CGRL do órgano galego que asuma as competencias que o Estatuto dos/as Traballadores/as lle outorga á Comisión Consultiva Estatal de Convenios Colectivos.

Para rematar, gustaría de animarvos, e animarnos, a seguir a avanzar na normalización e na construción dun Marco Galego de Relacións Laborais plenamente desenvolto, como un dos piares básicos de calquera nación que pretenda ser dona de seu.

José Félix Valderrey de la Huerga

*Director de RRHH grupo Eulen zona norte
Membro de comisións negociadoras de convenios colectivos
en representación da parte empresarial*

Unha das cuestións que máis chaman a atención a calquera que se achegue por primeira vez á negociación colectiva (eu non fun unha excepción), é o feito sorprendente de que a relación entre as partes negociadoras adoita ser fluída cando as posicións están moi afastadas e, pola contra, vaise tensionando a medida que as posicións se achegan. Hai xa moitos anos, cando os incrementos dos Convenios Colectivos eran de dúas cifras (tamén o era a subida anual do IPC), resultaba, cando menos, curioso que as partes nos permitíssemos bromas cando en materia salarial separábanos máis de dez puntos, mentres que a negociación era “a cara de can” cando nos separaban menos de dous puntos.

Aínda que isto poida estrañar a persoas alleas ao ámbito da negociación colectiva, a explicación é ben sinxela. Cando a diferenza é maior, cada unha das partes é consciente da marxe de negociación que queda; con todo, cando as partes están tan próximas que, para calquera persoa ben intencionada, pero pouco avezada na negociación colectiva, parece “cousa feita”, a mesa adoita ser unha polvoreira no que a máis mínima broma ou provocación pode causar unha ruptura na negociación. Pois o máis frecuente é que todos cedesen, por unha banda e por outra, máis do que pensaban; a parte social renunciou a reclamar incluso aquilo que comprometera cos seus representados e a parte empresarial probablemente cruzou a liña vermella que nun principio se trazou. A isto hai que engadir os conflitos internos que moitas veces xorden tanto nunha parte como noutra; pois, aínda que o político laborista Aneurin Bevan dixo a súa coñecida frase “Un sindicato é unha illa de anarquía no medio do caos”, pensando só nas Centrais Sindicais, o certo é que sería igualmente válida para a maioría das Asociacións Empresariais.

O problema que sempre se expón cando rompen as negociacións é que as partes seguen sendo conscientes que máis pronto ou máis tarde terán que sentar e alcanzar un acordo. É máis, chega un momento en que as partes “queren” pechar a negociación (ás veces, despois de mobilizacións máis ou menos exitosas), pero dar o primeiro paso implica falar primeiro. É unha das diversas leis non escritas que rexen a negociación colectiva: Tras unha ruptura da negociación, a parte que convoca á outra é a que “move ficha”. Non sería moi normal que a parte convocante empezase a nova reunión nos seguintes termos: “Convocámosvos para informaros que seguimos pensando o mesmo que na reunión anterior e que, por tanto, non estamos dispostos a variar a nosa postura”.

Non quero, en absoluto, limitar a este aspecto o labor do Consello Galego de Relacións Laborais, pero basta pensar na gran utilidade que ten nestas circunstancias, cando convoca ás partes a unha reunión negociadora que ambas queren -aínda que non poidan recoñecerlo- que este só motivo, xustificaría sobradamente a súa existencia. Ademais, é xusto recoñecer que no Consello todos nos sentimos cómodos (iso que se adoita dicir: Como na nosa propia casa), mérito sen dúbida dos que no Consello traballan. Nada que ver con esa sensación de incomodidade que os representantes de empresas ou de Asociacións Empresariais sentiamos cando quen convocaba a unha mediación era a Autoridade Laboral ou, case peor, a Inspección de Traballo.

O labor do Consello Galego neses 25 anos foi inxente e, a pesar de que o seu papel na negociación colectiva e o seu labor de mediación co AGA poida ter unha maior repercusión social, non pode descoñecerse a súa actuación decisiva na emisión de ditames e na

organización de Cursos e seminarios; especialmente destacables os “Encontros” na Toxa polas achegas que nos mesmos fixéronse desde Centrais Sindicais, Asociacións Empresariais e Administración (Laboral e Xudicial) que os converteu nunha especie de remansos de paz para unha reflexión pausada, mesmo nos momentos álxidos de axitación social (ben é certo que, ás veces, a representación Empresarial púidose ver sometida a un lume cruzado polas outras partes participantes, pero sempre nun ambiente relaxado e dentro do máximo respecto).

Por último, non pode esquecerse o labor en materia de publicacións: *Revista Galega de Dereito Social*, *Informes sobre a situación sociolaboral de Galicia* e outros estudos e informes dos que cabe destacar o *Estudo sobre a situación sociolaboral da muller en Galicia* ou as moi documentadas e logradas publicacións anuais sobre a Situación da negociación colectiva en Galicia.

En definitiva, aínda que persoalmente non son dado a estenderme en eloxios, estou entre os que pensamos que o valor e a utilidade do Consello Galego de Relacións Laborais xustifican plenamente a súa invención, se é que non estivese xa inventado.

Mónica Valiño Suárez

Participante en comisións negociadoras e en procedementos de solución extraxudicial de conflitos (AGA) en representación de parte empresarial

Moi señores meus:

Quero agradecerlles moi sinceramente a consideración tida ao facerme participe dun acontecemento da relevancia que ten o 25 aniversario da creación do Consello Galego de Relacións Laborais.

Aproveito esta ocasión para felicitarlles polo importante papel que desempeñou o Consello Galego de Relacións Laborais no mundo das relacións laborais, sendo moi consciente de todas as dificultades que se tiveron que superar para alcanzar tan remarcada data.

Igualmente quero expresar o meu desexo de que a cooperación existente poida perdurar no tempo e mesmo ampliarse, para xerar deste xeito un ámbito de colaboración aínda máis frutífero, eficaz e produtivo.

Así mesmo cabe sinalar o meu convencemento de que nos próximos 25 anos, a achega que se realizase por parte de Consello Galego será, como foi ata o momento, dun valor incalculable, axudando á boa relación e a correcta comunicación entre as organizacións empresariais e sindicais, creando un marco de negociación beneficioso para todos.

É importante para min recalcar o meu maior recoñecemento ao seu esforzo e logro, así como felicitarlles e reiterarlles o meu total apoio ao seu desempeño.

Un afectuoso saúdo.

José Vázquez Portomeñe

*Mediador e árbitro do AGA
Negociador*

O Consello Galego de Relacións Laborais, un referente na madureza da sociedade civil, constitúe a proba máis firme de que, cando nos deixan facer as cousas en autonomía, a democracia medra no pobo; se os poderes renden contas en responsabilidade, suman lexitimación; na escoita integradora diminúen as distancias; co protagonismo sindical e empresarial en liberdade, a norma vese como propia; ao poñernos no papel do outro en tolerancia, faise posible a convivencia na diferenza; e, ao ser equitativos ou dialogantes, a persoa e os colectivos atopan espazo na sociedade.

A historia, nai de sensibilidades socio - económicas e avoa de pensamentos e dinámicas colectivas, trae no seu longo camiñar a parentela das diferenzas e mesmo a confrontación, e déixanos recado de que a clave que descifra o camiño de saída cara á leira do equilibrio está nunha manda transaccional, onde se fixan as lexitimas da súa herdanza: emprego de calidade, defensa da saúde, potenciación do ensino, persistencia do benestar social, atención á inmigración e á xuventude, efectividade nas políticas de xénero e na formación profesional e os referentes de igualdade ante a lei, igualdade no traballo e na sociedade.

Naturalmente, no testamento da historia o tecido produtivo, as empresas, son un valor social de seu, en canto que crean riqueza e serven ó benestar individual e colectivo.

Como metodoloxía para o entendemento, a concertación en liberdade e autonomía, formas silandeiras e irreducibles no cotián do Consello Galego de Relacións Laborais.

En primeiro lugar, quero transmitir a miña felicitación a todas aquelas persoas que formaron e forman parte do Consello Galego de Relacións Laborais pola súa contribución a facer do Consello o que hoxe é: un espazo de encontro no que os interlocutores sociais dialogan, discuten, concilian os seus intereses e conclúen acordos que serven para dar resposta ás necesidades das empresas e das persoas traballadoras.

25 anos xa de actividade, na que eu tomei parte como traballadora do organismo durante máis de 15, primeiro como xefa de sección de Administración, desde setembro de 1993 a febreiro de 1998 e, posteriormente, como secretaria xeral, desde o 31 de outubro de 2002 en adiante. Durante todo este tempo vivín experiencias moi gratificantes, tanto no profesional como no persoal, experiencias que forman parte xa da miña vida dunha forma ou doutra, que me permitiron avanzar e crecer como ser humano e que ampliaron e perfeccionaron os meus coñecementos. Entre elas, sen dúbida, atópase o feito de traballar sempre con persoas comprometidas, conciliadoras, entusiastas e positivas. Non podo esquecer aquel 1º Encontro Galego de Relacións Laborais, en 1993, que foi para min a primeira toma de contacto cos protagonistas das relacións laborais: as persoas que representan ás organizacións sindicais e empresariais e as pertencentes aos colectivos profesionais que máis directamente interveñen no mundo do traballo: representantes da Inspección de Traballo e da Seguridade Social, da Xudicatura, da Universidade e da Administración. Recordo o esforzo, a ilusión e a vontade de todos os colectivos de avanzar na procura de solución aos temas obxecto de debate para contribuír dese xeito a mellorar as relacións laborais. E lembro tamén, naquel Encontro e nos demais en que participei, moitas anécdotas nacidas da convivencia frutífera entre os diferentes colectivos profesionais participantes, froito da que xurdiron moitos lazos de amizade e de colaboración.

Síntome enormemente orgullosa de desempeñar a miña actividade profesional no Consello Galego de Relacións Laborais, a “casa” dos axentes económicos e sociais galegos, o único foro de participación institucional propio. Basta pensar nas melloras conseguidas no ámbito das relacións laborais desde aquel 12 de xullo de 1988, data da súa lei de creación. As xuntanzas do Pleno, da Permanente, do Comité de Ditames, do Observatorio de Negociación Colectiva, da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade na Negociación Colectiva e dos demais órganos colexiados a través dos que o Consello actúa, as sucesivas edicións do Curso Superior de Relacións Laborais e do Encontro Galego de Relacións Laborais, os seminarios formativos para cadros sindicais e empresariais, as xornadas de debate social ..., todas estas actividades -ás que é necesario engadir as que desenvolve como xestor de acordos, particularmente dos acadados nas mediacións e arbitraxes que xestiona ao abeiro do AGA e as que leva a cabo como organismo promotor e de apoio á negociación colectiva- fan do Consello un instrumento imprescindible para as relacións laborais galegas.


Non me queda senón desexar unha longa vida ao Consello, no convencemento de que o seu traballo diario xunto coa implicación e o pulo constantes das organizacións que o integran, conseguirán para Galicia unhas relacións laborais modernas, fluídas e responsables.



AGA

Acordo Interprofesional Galego Sobre Procedementos Extraxudiciais de Solucións de Conflitos no Traballo

Cando hai Conflitos...



...hai Solucións.

25



CONSEJO
DE REGENCIA

aniversario
ELLO GALEGO
LACIÓNS LABORAIS

25 anos en imaxes



1990



1991



1992



1993



1994



1995



1996



1997



1998



1999



2000



2001



2002



2003





2005





2008



2009





2010









2012







CLAUSURA CURSO SUPERIOR DE RELACIÓNS LABORAIS

XXIII EDICIÓN



2013



25 aniversario
CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

Curso Superior de Relacións Laborais

XXIV EDICIÓN

Comezo: 10 de xaneiro de 2014
Remate: 4 de xullo de 2014
Duración: 206 horas lectivas
Lugar: Santiago de Compostela



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

